



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:02 h. do día 24 de outubro de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Dominguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Diez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:
- D. Pablo Cibeira Taboada, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente J. Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024005496, de 21 de outubro, que son os seguintes:

- 1º.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de setembro de 2024.
- 2º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.
- 3º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer.
- 4º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas.
- 5º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal.
- 6º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos.
- 7º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmoables.
- 8º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras.
- 9º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- 10º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento.
- 11º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.
- 12º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este.
- 13º.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Regulamento da subministración domiciliar de auga do Concello de Oleiros.
- 14º.-** Aprobación inicial, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Oleiros.





CONCELLO DE
OLEIROS

15º.- Aprobación, se procede, do límite de gasto non financeiro e de cumprimento da regra de gasto do Concello de Oleiros para o exercicio 2025.

16º.- Aprobación inicial, se procede, do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2025, así como as bases de execución e o respectivo cadro de persoal.

17º.- Adopción de acordo respecto á elección de Xuíz de Paz do Concello de Oleiros.

18º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024004898 ata o 2024005478.

19º.- Mocións, rogos e preguntas.”

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta do Pleno extraordinario celebrado a día 26 de setembro de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ó acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, reiterando o voto negativo do seu grupo mentres non se presenten as actas recollidas de xeito literal a pesares de existir medios tecnolóxicos suficientes.

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grupo “Socialista” que estaba a intervir e o alcalde, D. **Ángel García**, en canto que a primeira insistía en que as actas non se recollen con literalidade e o alcalde en que levan tódolos plenos coma mesma teima e xa se lle explicou esta cuestión en múltiples ocasións, polo que decide que se vote a acta.

De orde do Sr. Alcalde pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 26 de setembro de 2024*.

Punto 2.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

Anuncia o alcalde, D. **Ángel García**, que os puntos 2, 3, 4, 5 e 6 dos que dá lectura; referentes á modificación das taxas das ordenanzas fiscais municipais, vanse tratar de xeito conxunto polo que haberá a quenda de intervencións habitual pero tratándose os cinco puntos, aínda que as votacións serán por separado.

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que o motivo polo que se van tratar conxuntamente é porque en todas propónse unha subida dun 2% nestas taxas.

En canto á modificación da ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, increméntase como xa dixo nun 2%, afectando ó art. 7 e produto da subida salarial dos empregados públicos, principal compoñente dos custes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Afectaría ós informes emitidos pola Policía Local e polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil; documentos relativos ó Servizo de Urbanismo; procedementos de contratación e concesión demaniais; dereitos de exame; fotocopias; reprodución de planos; reposición de placas de vado; expedición de certificacións catastrais ou compulsas de documentos a presentar a través do portelo único da Xunta de Galicia.

En canto á modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licenzas de autoturismos e demais vehículos de aluguer, afecta ó seu art. 5 en canto á expedición de propia licenza; autorización para súa transmisión; substitución de vehículos; revisión de vehículos e permisos para condución por asalariado ou expedición de carné.

Respecto da modificación da ordenanza fiscal nº 3, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, sofre tamén o mesmo incremento do 2% afectando ó seu art. 6 en canto a demolición de construcións e movemento de terras; parcelacións e segregacións, por cada unidade parcelada; cimbra de árbores; obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior ós 30.000 €; obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores ou, en todo caso, cando o seu orzamento supere os 30.000 € ou declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local.

Tamén na modificación da ordenanza nº 6, reguladora da taxa do cemiterio municipal, sube o 2%, con incidencia no art. 6, da cota tributaria, referido a cada permiso de apertura de nichos para inhumación ou exhumación; permisos para colocar lápidas ou outras instalacións fixas nos nichos; licenza por reparacións de nicho e vixiancia de nichos, Finalmente a modificación da ordenanza nº 27, reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, coa subida do 2% tamén ligada ó incremento salarial dos empregados públicos, art. 6º, pola tramitación de autorizacións de usos; de reserva de espazo e placa de vado; apertura de piscinas de uso colectivo; tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística; tramitación de licenzas de instalación de tanques; apertura de garaxes comunitarios; tramitación de instrumentos urbanísticos de planeamento, como plans parciais, especiais, estudos de detalle, etc.; tramitación de xestión urbanística, como normalización de fincas, proxectos de reparcelacións e outros e tramitación de instrumentos de execución urbanística, como proxectos de urbanización, etc.

Para rematar, estas ordenanzas municipais levan anos sen ser obxecto de modificación, como xa dixo, e é necesario actualizalas debido ó incremento dos salarios e nas tamén polo incremento fortísimo de prezos que, ó igual que afectan ás economías familiares, inciden igualmente nos custes municipais. Por iso, faise necesario elevar estas modificacións da taxas coa fin de equilibrar o orzamento municipal.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que o seu grupo solicita que se retiren da orde do día estes asuntos de modificacións de taxas, dado que son tributos que se impoñen inspiradas no principio do beneficio, no disfrute de servizos e ó exercicio de determinadas actividades, pero co matiz importante de que este beneficio é para o contribuínte non para a administración.





CONCELLO DE
OLEIROS

O tributo que o contribuínte debe soportar como consecuencia do uso privado ou o aproveitamento especial do dominio público ou ben, a prestación individualizada dun servizo en réxime de dereito público de demanda obrigatoria e que non pode ser prestado polo sector privado, comprenderán que se as taxas non están reguladas axeitadamente están a perxudicalo. Existen dous principios fundamentais que deben cumprir estas taxas á hora de ser fixadas; o principio de capacidade económica, que se entenderá no intre no que poidan ter acceso ó beneficio tódalas persoas e o principio de equivalencia, que sinala que a taxa nunca pode ser superior ó servizo público prestado.

Este segundo principio é o que afecta, porque non se pode fixar o custo dos servizos sen ter fixado con anterioridade un cálculo sobre o propio custe. Existe moita lexislación ó efecto, en concreto o art. 25 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, sinala que os acordos en canto ó establecemento das taxas pola utilización privada ou aproveitamento especial do dominio público ou para financiar total ou parcialmente novos servizos, deberán adoptarse á vista dos informes económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado, debendo incorporarse ó expediente de modificación.

En canto ós puntos destas modificacións de ordenanzas fiscais, non existe ningún informe técnico-económico ou memoria económica-financeira sobre o custo ou valor que xustifique as contías das taxas propostas e ten que dicir que existe suficiente xurisprudencia ó respecto que anulan os procedementos se non están debidamente xustificadas. O Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña recentemente, o 30 de xuño de 2023, resolveu nunha sentenza que non existe xustificación entre os suxeitos pasivos con criterios de racionalidade, proporcionalidade e capacidade económica, fixando a tarifa correspondente e non a que queira o grupo de goberno, polo tanto feita a proposta de xeito arbitrario e sen xustificación, este pode ser un mero exemplo.

Segue dando unha explicación da resolución xudicial á que antes se referiu "...salientando que o informe técnico-económico do concello haberá de comprender un estudo económico-financeiro e haberá de versar non só sobre os custos do servizo ou actividade, senón tamén sobre a xustificación da contía da taxa proposta e para rematar, sinala que ante a falla de xustificación da modificación da taxa entre os suxeitos pasivos e as cotas e tarifas, procede estimar en parte o recurso presentado deixando sen efecto o acordo acadado de modificación das taxas propostas."

O mesmo para a sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2016, no que sinala que non existe memoria económica-financeira, nin informe técnico-económico e fala tamén doutras sentenzas similares de diferentes xulgados e tribunais, coincidindo todas en que ante a falla de informe técnico-económico non se poden aplicar estas modificacións das taxas e incluso, tamén outra na que se pon de manifesto que este informe non é un simple rexistro formal senón que debe ser un rexistro esencial que deben preceder á toma de acordo de modificación ou aprobación das ordenanza fiscais e sen a súa existencia conlevaría á nulidade do acordo.

Para rematar, dicir que como se remata de sinalar en todas estas sentenzas conclúese que debe acompañar á proposta de acordo de modificación das ordenanzas o preceptivo informe técnico-económico ou económico-financeiro que debe formar parte do expediente e que, ademais, debe ser congruente coa proposta de acordo, só pena de incurrir en nulidade do mesmo, por iso ó seu xuízo todo cambio na taxa debe realizarse mediante unha modificación da





ordenanza fiscal correspondente, acompañado de dito informe económico xustificativo da proposta e o por qué desa modificación, ademais do custe dos servizos a prestar.

Porén, entenden que estas modificacións de ordenanzas son nulas de pleno dereito ó non existir o informe económico-financeiro que as acompaña e máis aló das cuestións legais, quere poñer de manifesto que lles resulta un pouco vergoñento que mediante declaracións públicas nas emisoras por parte do alcalde, xustificando esta subida das taxas porque hai moitísimos anos que non se modifican, insiste en que en programas pagados con diñeiro público en diferentes medios tanto radiofónicos coma escritos e para xeral coñecemento, dicir finalmente que todas estas taxas que propoñen subir un 2% xa foron obxecto de modificación o pasado 1 de xaneiro de 2024, polo que dista bastante dos vinte e pico anos que alegou o alcalde nesas intervencións en programas radiofónicos ós que se referiu con anterioridade. Insiste para rematar en que non é certo o dito polo alcalde, porque hai menos dun ano que se modificaron.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que dada a importancia destes asuntos gustaríalle ter un debate sosegado sobre o proposto. Dito isto, dicir que para o seu grupo hoxe vai asistir neste pleno a un atraco a man alzada; un atraco a toda a veciñanza cometido por toda aquela ou aquel membro do goberno municipal que, obedecendo ó alcalde e alce a man para votar a favor destas modificacións que conteñen 12 puntos e que supoñen unha subida en todas e cada unha das taxas e impostos municipais.

Por certo, un concello que se presume de que é moi rico, que contaba con superávit, pero agora o alcalde encaprichouse dun mausoleo, dunha cidade da cultura propia, dun multiusos para coroar a súa extensa traxectoria e que hai que pagalo entre todos e todas, facendo fronte ós 14 millóns que custa a día de hoxe ese multiusos, porque aposta a que chegará ós 20 millóns ó final.

Están a debater sobre a modificación das ordenanzas números 1, 2, 3, 6 e 27, pero non revisan as taxas só propoñen unha subida, é dicir, os prezos que toda a veciñanza de Oleiros terá que a aboar cando precisen realizar algún tramite administrativo no concello e, ademais, xustificando as subidas co incremento salarial dos traballadores e traballadoras, pero non acompañan ningún estudio técnico-económico e financeiro que demostre que esta subida proposta é necesaria, axeitada, axustada e que a súa repercusión estea ligada directamente á subida salarial dos empregados.

No punto terceiro, propoñen modificar a ordenanza fiscal nº 2 para subir as taxas de autoturismos e demais vehículos de aluguer, por certo, como tamén dixo o concelleiro do Partido Popular antes intervinde, ós taxis xa lle subiron as taxas por transferencia de licenzas hai uns meses; soben as taxas pero insiste en que non aproveitan para facer unha modificación incrementando ou mellorando o servizo, por exemplo, no verán, nas noites da fin de semán, tal e como demandan os hostaleiros do concello; máis cartos sí, mellor servizo non ¿Para qué?.

No punto quinto, tamén propoñen modificar a ordenanza nº 6, do cemiterio municipal, que tamén sufriu unha subida hai ben pouco e aproveita tamén para dicirlles que poderían mellorar a ordenanza, por exemplo no art. 6.4, onde se sinala que para reverter ó concello unha sepultura pola falla de coidados ou pagamento por máis de cinco anos,





CONCELLO DE
OLEIROS

contemplan un prazo exiguu de 30 días para ser notificado e comparecer, moi pouco prazo ó seu entender cando se trata de persoas que seguro levan tanto tempo en situación de descoñecemento do seu enderezo. Esta subida deixa claro que o goberno municipal está disposto a subirlle as taxas a todo o mundo, vivos e mortos, non se salva ninguén do atraco; todos, vivos e mortos a pagar o multiusos do alcalde, por iso o seu grupo oponse a este atraco a man alzada, a unha subida xeneralizada de taxas e impostos que practicamente ten unha única fin, pagar o multiusos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que consideran razoables as subidas como consecuencia da subida salarial, que é o principal compoñente dos custes do desenvolvemento municipal, polo que anuncia o voto favorable para os cinco puntos, do 2 ó 6, incluídos.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, contestando ás intervencións dos diferentes representantes dos grupos políticos. En canto á intervención do grupo “Popular” e na que anuncia que vai votar en contra da modificación destas ordenanzas municipais propostas alegando que non pode ser superior o custe ó do servizo prestado e a ausencia de informes técnicos; dicirlles que calquera que teña un mínimo coñecemento da admón. pública sabe que ningún concello pode elevar taxas sen os informes preceptivos e claro que existen estes informes en cada un dos expedientes e a meirande parte da modificación de ordenanzas hoxe propostas neste pleno levan anos e anos, desde o 2011 ou 2012 sen revisalas, porque entendían que non había que facelo. Hoxe consideran que é necesario ó se producir unha serie de acontecementos que afectaron directamente á economía municipal, como a subida dos salarios, a inflación, a subida da auga, da recollida do lixo ou da prestación de servizos, por exemplo. En canto ó alegado que o custe da taxa non pode ser superior á da prestación do servizo en cuestión, non chega o recadado é máis, se tiveran que cobrar as taxas para compensar isto, terían que subilas moito máis.

En canto ós atracadores, que saiba neste intre so coñece ós casos de Koldo e Ábalos e algún máis que andaré por aí disfrazado, así que quede claro que neste concello non se atraca a ninguén, sévese e aténdese á cidadanía, non se lles rouba, non usan a admón. pública para enriquecerse como fixo nalgún intre o Partido Socialista, xa o fixeron con Felipe González e estano facendo agora tamén...

Neste intre e ante a interrupción á intervención do alcalde por parte da concelleira do grupo “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, o alcalde chámala ó orde ata en dúas ocasións, rematando o alcalde a súa intervención sinalando que non vai consentir que se veña a este pleno a difamar ó goberno municipal.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que coñecen precisamente o funcionamento da administración e por iso saben que teñen que existir eses informes ós que aludiu o seu compañeiro na súa intervención, porque na documentación remitida non aparece o informe económico, só existe un informe do interventor municipal dicindo que é necesaria esa subida.

En canto ó tempo transcorrido desde a última subida das taxas, non leva tanto tempo como o alcalde dí, porque lembra perfectamente que a primeiros deste ano con motivo dunha sesión plenaria, esgrimiron o mesmo que hoxe, é





CONCELLO DE
OLEIROS

dicir, que se subían pola subida salarial e é máis, algunha das taxas que subiron nesa sesión plenaria subiron ata un 6%, precisamente porque non se subiran os tres anos anteriores, a razón dun 2% por cada un dos tres anos, polo que insiste en que non é real que non se subiran desde hai tantos anos, estas en concreto precisamente non.

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que lle gustaría contestar a intervención do grupo “Popular” en canto a que fallan informes técnicos e económicos, porque é falso, están todos os expedientes informados pola Técnico de Xestión Tributaria e en canto á subida é real pero ela en ningún intre dixo que levaban tantos anos sen subir, dixo que había algunhas que levan moitos anos sen subir pero é tamén certo que outras subiron paralelamente cos salarios, porque é de xustiza e de responsabilidade política do goberno aplicar esa subida para equilibrar as contas municipais.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, insistindo en que non lle chegou esa documentación ó seu grupo e que botaron en falla unha explicación e informe máis pormenorizado para xustificar cada unha das subidas das taxas e non unha táboa rasa do 2% baseada na subida salarial, porque a parte dos custes salariais deben incidir outros aspectos que xustifiquen esta subida.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que efectivamente non existen eses informes económico-financeiros que deberían acompañar estes expedientes como exige a lei e dirixíndose ó alcalde sinálalle, que non faga disto un pleno bronco, porque a proposta e de de taxas e impostos e non é certo que non se subiran desde hai anos, porque aprobouse unha subida no ano 2019 e outra no ano 2023, é dicir, cada catro anos e xusto na metade do mandato para que a cidadanía poida esquecerse cando toque votar nas eleccións, lamentablemente esa é a cronoloxía da subida.

Remata a quenda de intervencións o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que coa convocatoria das comisións informativas están os expedientes completos a disposición dos grupos políticos e se, como din, consideraban que faltaba documentación deberían solicitala, que non fixeron, e canto á alusión da voceira do grupo “Socialista” sobre facer un pleno bronco, cando empeza xa tachándolles de atracadores, non llo vai consentir, ó mellor o que busca é que a chegue a expulsar e como siga sen respectar as intervencións e a quenda de cada quen, vaino facer.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:





CONCELLO DE
OLEIROS

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 7º nun 2%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecido polo artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (2%).

Tras esta modificación o texto do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 7º: TARIFA

Epígrafe primeiro.- DERROGADO.

Epígrafe segundo:

- Informes emitidos pola Policía Local relativos a accidentes de tráfico: 140,49 €
- Outros informes emitidos pola Policía Local: 40,97 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil relativos a accidentes de tráfico: 100,69 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 52,68 €

Epígrafe terceiro: DERROGADO.

Epígrafe cuarto: Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo:

- 1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 48,85 €
- 2.-DERROGADO
- 3.- Informe urbanístico: 47,20 €

Epígrafe quinto: Procedementos de contratación e concesións demaniais:

- 1.- En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:
 - Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,78 €
 - De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 48,85 €
 - De 60.101,22 € en adiante: 97,77 €
2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 9,81 €

Epígrafe sexto: Derrogado.

Epígrafe sétimo: Dereitos de exame.

- 1.- Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 24,46 €
- 2.- Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 19,55 €
- 3.- Demais postos: 14,66 €

Epígrafe oitavo: Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 20 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:





CONCELLO DE OLEIROS

- Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0'08 €/copia (todas as copias)

Epígrafe noveno: Reproducións de planos en tamaño DIN-A1: 2,76 €/copia

Epígrafe decimo: DERROGADO

Epígrafe undécimo: Reposición de placa de vado: 11,66 €

Epígrafe duodécimo: Expedición de certificacións catastrais polo Punto de Información Catastral, relativas a fincas non pertencentes ao Concello de Oleiros:

- Certificación literal: 8,07 €
- Certificación descritiva e gráfica: 8,69 €

Epígrafe décimo terceiro: Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.

- Por cada compulsa, a partires da terceira e ata a duodécima compulsa: 1,87 €/compulsa.
- Pola décimo terceira compulsa e seguintes: 0,61 €/compulsa."

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, estas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma."

Punto 3.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer

Debatido o asunto conxuntamente en canto á subida das taxas municipais, pásase directamente á votación do mesmo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 2, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobación inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 5º nun 2%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impoñibles desta taxa; establecido polo artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para





CONCELLO DE OLEIROS

afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (2%).

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- *Licenzas da Clase B: 180,94 €*

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

a) Transmisión “inter vivos”:

- *-De licenzas da Clase B: 904,74 €*

b) Transmisión “mortis causa”:

- *-A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 90,48 €*

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- *De licenzas Clase B: 18,09 €*

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- *Revisión anual ordinaria: 45,23 €*
- *Revisión anual extraordinaria: 45,23 €*

Epígrafe quinta: Permiso para conducción por asalariado e expedición de carné.

- *Polo trámite e concesión do permiso: 13,58 €*
- *Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 27,15 €.”*

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 4.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas

Debatido o asunto conxuntamente en canto á subida das taxas municipais, pásase directamente á votación do mesmo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo





municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, consistentes en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa establecido polo artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (2%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

a) Demolición de construcións e movementos de terras: 89,04 €

b) Parcelacións e segregacións; por cada unidade parcelada: 65,93 €

c) Cimbra de árbores: 85,72 €

d) Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 30.000 €:

- d.1. con orzamento de ex. material de ata 3005’06 €: 44,50 €*

- d.2.- con orzamento de ex. material comprendido entre 3005’07 e 6010’12 €: 89,04 €*

- d.3- con orzamento de ex. material comprendido entre 6010’13 e 12.020’24 €: 133,55 €*

- d.4.-con orzamento de ex. material comprendido entre 12.020’25 e 30.000 €: 222,58 €*

e) Obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, ou en todo caso cando o seu orzamento de execución supere os 30.000 €:

- e.1.-por cada edificación unifamiliar: 267,10 €*

- e.2.-por cada edificación plurifamiliar: 1’34 €/m², obxecto da taxa*

- e.3.-por cada nave ou instalación industrial ou comercial ou outra edificación diferente ás contidas nos subapartados anteriores (e.1.e e.2.): 0’66 €/m², obxecto da taxa.*

f) Declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local:

f.1.-de edificacións unifamiliares e plurifamiliares:

- f.1.1.-de superficie de ata 100 m²: 106,85 €*

- f.1.2.-de sup. comprendida entre 101 e 150 m²: 133,55 €*

- f.1.3.-de sup. comprendida entre 151 e 250 m²: 178,07 €*

- f.1.4.-de superficie igual ou superior a 251 m²: 267,10 €*





CONCELLO DE OLEIROS

f.2.- de naves e instalacións industriais e comerciais ou doutras edificacións ou instalacións diferentes ás contempladas no apartado anterior (f.1.):

- *-f.2.1. Os 200 primeiros m²: 267,10 €*
- *- Por cada m² adicional: 0'46 €/m².*

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma."

Punto 5.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal

Debatido o asunto conxuntamente en canto á subida das taxas municipais, pásase directamente á votación do mesmo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa de cemiterio municipal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecido polo artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (2%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1.-A base impositiva determinarase atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa cantidade sinalada nas tarifas desta ordenanza respecto dos conceptos que a continuación se detallan:

1.1. A utilización de todas as clases de sepulturas existentes no dito cemiterio, para a inhumación e exhumación.

1.2. DERROGADO.





CONCELLO DE
OLEIROS

1.3. DERROGADO.

1.4. Licenzas para a instalación e a reparación nas distintas sepulturas.

1.5. Conservación das sepulturas existentes no devandito cemiterio.

2.- TARIFA XERAL- O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nestes (polo tempo en que preste servizo o dito cemiterio) sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumpran coas normas que para o dito efecto se establezan.

2.1. DERROGADO.

2.2. Cambios de titularidade, cando proceda.

Dun nicho, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido como valor destes.

Os cambios de titularidade nas distintas sepulturas, pagarán pola inscrición ou inscricións polos diferentes cambios de titularidade, un 10% do valor dos nichos no ano da transmisión, establecidos cada ano polo concello

2.3. Por cada permiso de apertura de nichos para inhumación e exhumación: 50,43 €.

2.4. DERROGADO.

2.5. DERROGADO.

2.6. Licenzas para instalacións ou reparacións:

a) Instalacións:

Por cada permiso para colocar lápidas ou outras instalacións fixas en nichos: 28,00 €.

b) Reparacións:

Por cada licenza de nicho: 15,70 €.

2.7. Conservación:

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación dos espazos destinados a enterramentos, esixíranse os seguintes dereitos ao ano:

Por vixilancia de nichos: 16,47 €.

3.-Cando as sepulturas de calquera clase e en xeral todo os lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos ou obxectos se encontren deteriorados ou abandonados, e no segundo, sen que en ningún caso poida esixirse ningunha indemnización.

4.- Poderá, ademais, declarar a caducidade e reverter ao Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción: A declaración de tal estado e a caducidade requirirá un expediente administrativo a iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de 5 anos desde a última inhumación verificada nesta, sen que o titular, familiares ou parentes aboarán os dereitos correspondentes a esta epígrafe.

5.-O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterá a citación do titular o cal teña domicilio coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no correspondente ao último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos percibidos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento de devandito compromiso efectuarase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.





CONCELLO DE OLEIROS

6.-Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer desta, unha vez que trasládase os restos existentes nela á correspondente oseira.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 6.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos

Debatido o asunto conxuntamente en canto á subida das taxas municipais, pásase directamente á votación do mesmo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%; como consecuencia do incremento experimentado no importe dos salarios, principal compoñente dos costes de desenvolvemento das actividades administrativas que constitúen os feitos impositivos desta taxa; establecido polo artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogaan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (2%).

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos determinaranse mediante a aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe A) Tramitación de autorizacións de usos: 50,92 €

Epígrafe B) Tramitación de licencias de reserva de espazo e placa de vao: 62,99 €

Epígrafe C) Tramitación de licenzas de apertura de piscinas de uso colectivo: 45,55 €

Epígrafe D) Tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística: 128,63 €





CONCELLO DE
OLEIROS

Epígrafe E) Tramitación de licenzas de instalación de tanques de G.L.P.:

- De 2.400 litros: 61,63 €

- Correspondentes a colectividade: 194,30 €

Epígrafe F) Tramitación de licenzas de apertura de garaxes correspondentes a edificios plurifamiliares: 194,30 €

Epígrafe G) Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por división de fincas con base a escrituras de antigüidade superior a 10 anos: 36,18 €

Epígrafe H): Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por construcións e comprobación da antigüidade segundo as fotografías aéreas obrantes en poder desta Administración: 17,42 €.

Epígrafe I).- Pola tramitación de instrumentos de planeamento (plan parcial, plan especial, estudio de detalle, etc.) a iniciativa particular:

I.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,5661 €/m2.

I.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0930 €/m2.

I.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4464 €/m2.

Epígrafe J).- Pola tramitación de instrumentos de xestión urbanística (normalización de fincas, proxectos de reparcelación, sistema de compensación, proxectos de ocupación directa, proxectos de expropiación, etc.), a iniciativa particular:

J.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,6551 €/m2.

J.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,1076 €/m2.

J.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,5165 €/m2.

Epígrafe K).- Pola tramitación de instrumentos de execución urbanística (proxectos de urbanización, proxectos de obra ordinaria de urbanización, etc.) a iniciativa particular:

K.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,4786 €/m2.

K.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0785 €/m2.

K.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,3772 €/m2."

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma."

Punto 7.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmobles

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón aprobar a modificación do art. 4º da Ordenanza Fiscal nº 10 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, coa fin de adaptar a redacción do seu apartado 3, que regula as bonificacións no imposto ás familias numerosas; clarificar o concepto de vivenda habitual; especificar a data límite para solicitar a bonificación e a súa prórroga; a documentación a aportar ou a posibilidade de autorizar ó concello para que consulte ás administracións os datos que verifiquen os requisitos necesarios para o goce da exención.





CONCELLO DE
OLEIROS

Ó mesmo tempo, incorporar un novo apartado 5, coa fin de facer constar que as bonificacións reguladas nos apartados 2 e 4 do nomeado art. 4º e a bonificación obrigatoria regulada na Lei de Facendas Locais, son compatibles entre si aplicándose de xeito sucesivo.

Tamén, incorporarse no apartado 4, que regula as bonificacións ós inmobles que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol para autoconsumo, a identificación precisa do documento a aportar, en canto ó certificado de instalación dilixenciado polo organismo autorizado.

Finalmente, aprobar inicialmente a modificación do art. 3º, incrementando o tipo de gravame do imposto, aplicable ós bens de natureza urbana nun 10%, que pasa do 0,605% ó 0,6655%.

Deixar constancia que non sofren ningunha modificación o tipo de gravame do imposto aplicable ós bens de natureza rústica, nin o tipo de gravame aplicable ós bens de características especiais fixado no 1,3%, neste caso correspondente á autoestrada do Atlántico.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que este incremento do IBI posiblemente é o que máis está a preocupar á veciñanza, sube nun 10%, e cada veciño en breve vaille chegar o seu recibo e pode calcular o que lle supuxo esta subida.

Este imposto é certo que non se modifica desde o ano 2018, pero tamén non deixa de ser certo que foi por mor da COVID-19 e da guerra de Ucraína, pero subir de súpeto un 10% ¿Non lles parece excesivo? E estando totalmente de acordo coas bonificacións que se propoñen, para nada están de acordo con esta subida tan forte.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que en primeiro lugar quere aproveitar a ocasión para felicitar ás e ós traballadores das bibliotecas municipais polo seu recente éxito, e dá fé do bo facer e da súa profesionalidade.

Entrando de chego no debate do asunto, agradece a intervención da Sra. Varela porque foi a única que dixo a verdade nestes últimas semanas, porque tiveron que escoitar ó alcalde manipulando a realidade ó dicir que só se subían 0,6 puntos, cando se sube un 10% no imposto, polo que as cousas hai que dicilas polo nome o resto é disfrazar a realidade, porque que diga o alcalde que só se subía un 0,6 é unha media verdade, ou unha gran mentira.

No apartado de bonificacións, resulta curiosa a proposta porque se está a ver como se propón a subida do ICIO e proponse a subida doutros impostos, pero no que atinxe ó IBI propoñen unhas bonificacións que son máis que salientables. Poderíase bonificar á vivenda de protección oficial, pero non existen para elas bonificación ningunha ¿A quen se lle bonifica co 90%? Ás empresas construtoras, ás empresas urbanizadoras e promotoras inmobiliarias no concello, é dicir, queda claro o que se está a buscar, que as empresas construtoras fagan máis formigón en Oleiros, fomentan esta actividade que sen dúbida vai repercutir na calidade dos servizos, nos problemas actuais de circulación, da rede de saneamento e de abastecemento, isto é o que propoñen bonificar.

Pero o que xa é o colmo é que se propoña unha bonificación do 95%, case 61.000 €, a Autoestradas do Atlántico, cando recentemente polo alcalde aquí falou de exixirlle a autoestradas pagos pendentes de IBI e claro haberá que ir





CONCELLO DE
OLEIROS

á Lei de Bases do Réxime Local, en concreto ó seu art. 25, onde se sinala que os acordos de establecemento de taxas precisan dun informe técnico e económico e ten que dicir que él veu ó concello a revisar a documentación completa e ese informe non estaba e dí máis, o Tribunal Supremo nunha sentenza do ano 2016 resolve claramente que non basta só con facer un recopilamento de ingresos e gastos, é necesario que se recolla no informe a fonte de ingresos e gastos acompañado, no seu caso, dos documentos que acrediten os mesmos cando un informe técnico, non é máis que unha mera aportación de datos senón unha exposición lóxica dedutiva no exame da cuestión examinada, coas explicacións ou datos que avalen o resultado, debendo conter con información suficiente onde asentar o acerto das conclusións, é dicir, o acerto da proposta de subida de taxas; nese mesmo senso existe tamén outra sentenza do mesmo Tribunal Supremo do ano 2012.

Expón tamén a nomeada sentenza do Tribunal Supremo do 2016 que non só se exige que se relacionen os conceptos que nos preceptos se mencionan senón que se especifiquen, precisen e concreten as razóns económicas en virtude das cales se fixan as contías que se sinalan e no caso que deu lugar ó recurso, exixible unha razón expresa que xustifique a modificación da ordenanza previamente aprobada que non existía, unha sentenza que rexeita unha modificación dunhas ordenanzas por non respectar a lei. Dito isto, hai que salientar que para o goberno municipal a prioridade é que veñan empresas construtoras, que urbanicen Viñas de Babilonia e todo o que queda por facer en Oleiros ou descontarlle a Autoestradas do Atlántico para subirlle logo á veciñanza un 10% no IBI.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que debido á subida do nivel de vida destes últimos anos si se quer incrementar o gasto público social é necesario unha subida impositiva, máis discrepan da oportunidade de facelo nun 10% dunha tallada, por moito que obedezan a causas obxectivas entenden que se podería facer de xeito progresiva en 2-3 anualidades. Si están de acordo na introdución de aspectos destacados impositivos nesta modificación do imposto, establecéndose unha bonificación do 10 ó 50% do imposto ás familias numerosas, adaptándose á lei de protección ás familias numerosas con membros de ata 3 fillos.

Tamén existe unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto nos 3 exercicios impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva das vivendas de protección oficial e ás equiparables, segundo a normativa autonómica; clarifica o concepto de vivenda habitual; especifica a data límite para solicitar a bonificación, a documentación a achegar ou a posibilidade de achegar a autorización ó concello para que consulte os datos necesarios a outras administracións de verificación dos datos necesarios para poder ter o goce da exención. Todo isto alén da bonificación do 50% contando cos certificados de eficiencia enerxética.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que como remata de dicir o representante do BNG, propóñense unha serie de bonificacións ó imposto que antes non existían, como ás familias numerosas, vivendas protexidas, algo que outros rematan de dicir o contrario, é dicir, que non había bonificacións o que confirma que non estudan os expedientes, polo que veñen aquí ó pleno a todo menos a propoñer e traballar para a veciñanza.





CONCELLO DE OLEIROS

Oleiros é o concello da Coruña que ten o catastro máis antigo, é dicir, sen revisar desde o ano 1998, requerido en varias ocasións pola Facenda do Estado e él, como alcalde, negouse a que o fixeran porque a última revisión que fixeron provocou unha subida espectacular. O que están a propoñer é unha subida froito do estudo realizado polos técnicos municipais así, por exemplo unha vivenda que pagaba en Mera 243 € vai pagar 246 e unha en Sta. Cruz que pagaba 315 € pasa a pagar 346 €...

Despois dunha interrupción por parte dun asistente do público, segue coa súa intervención sinalando que as vivendas protexidas están recoñecidas por lei, como así teno recoñecido a Xunta de Galicia na lei de vivenda, polo que teñen xa un tratamento diferente a unha vivenda libre. Para rematar, dicir que os valores catastrais non os van modificar, o que están é modificando a ordenanza para poñela ó día.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **seis (06) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o disposto nos artigos 60 e seguintes da Lei 7/85, 90 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo) e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación dos artigos 4º e 2º da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, co fin de:

-Adaptar a redacción do apartado 2 do artigo, que regula as bonificacións no Imposto ás familias numerosas ao establecido pola Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, clarificar o concepto de vivenda habitual, especificar a data límite para solicitar a bonificación e a súa prórroga, a documentación a aportar ou a posibilidade de autorizar ao Concello para que consulte ás Administracións os datos necesarios para verificar os requisitos necesarios para o goce da exención.

-Incorporar un novo apartado 5 co fin de facer constar que as bonificacións reguladas nos apartados 2 e 4 do artigo 4º da Ordenanza e a bonificación obrigatoria regulada polo artigo 73.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (bonificación do 50 por cento na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, ás vivendas de protección oficial e ás que resulten equiparables a estas conforme á normativa da respectiva comunidade autónoma), son compatibles entre sí, aplicándose de forma sucesiva.

-Incorporar no apartado 4, que regula as bonificacións aos inmobles que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo ou que teñan certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar, a identificación precisa do documento a aportar referido ao certificado de instalación dilixenciado polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma, que actualmente é o **IN407B**, así como a necesidade de aportar fotografía da instalación.

Tras estas modificacións e incorporación o artigo 4º queda redactado do modo seguinte:

"Artigo 4º

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

1.- A bonificación establecida no artigo 73.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, será do 90 por 100, na cota íntegra do imposto aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento do outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para beneficiarse da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

A acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

A acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.

A copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2.- Terán dereito a unha bonificación entre o 10% e o 50% da cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo cos seguintes tramos:

-Bonificación do 10%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten ata 3 fillos.

-Bonificación do 20%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten catro ou cinco fillos.

-Bonificación do 30%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten seis ou sete fillos.

-Bonificación do 40%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten oito ou nove fillos.

-Bonificación do 50%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten dez ou máis fillos.

Esta bonificación concederáse a pedimento do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, entendéndose por vivenda habitual aquela na que figure empadroado e sempre que a suma dos ingresos totais das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, non supere a cantidade resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional polo número de membros obrante no mencionado título.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas; correspondentes ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación.

Os suxeitos pasivos que soliciten por primeira vez a bonificación, deberá facelo antes da data de devengo do deste Imposto (1 de xaneiro), xustificando o cumprimento dos requisitos mencionados mediante a achega da seguinte documentación:

-Título de familia numerosa (co fin de acreditar o número de fillos a computar).

-Certificado tributario do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) emitido pola AEAT, correspondente ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación, de cada unha das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, maiores de 18 anos.

Quedarán exentos de aportar esta documentación cando autoricen expresamente ao Concello de Oleiros para solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos do nivel de renda xeral para o recoñecemento do beneficio fiscal e a consulta á Xunta de Galicia dos





CONCELLO DE OLEIROS

datos do título de familia numerosa. Estas autorizacións manteranse vixentes en tanto non se comunique expresamente ao Concello de Oleiros a súa revogación.

Para o gozo da bonificación nos períodos impositivos seguintes ao de outorgamento da bonificación, cando non se autorice expresamente ao Concello ás consultas a que se refire o parágrafo anterior; o solicitante deberá de acreditar documentalmente que reúne os requisitos para o seu gozo antes da data de devengo do Imposto (1 de xaneiro), aportando a mesma documentación que a primeira vez que solicitou o beneficio fiscal.

O departamento tramitador do expediente consultará no padrón de habitantes do Concello o empadramento do suxeito pasivo do Imposto.

3.- Bonificación a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego.

3.1.- En base ao establecido no artigo 74.2 quater do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto, os inmobles nos que se implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas polo Alcalde-Presidente, segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, nos solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación, sempre que coincida o suxeito pasivo do imposto e o titular da actividade e se cree emprego:

-SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

-SUNP I-3-R (Iñás).

-SUNP A-32 e 2-A Xesta.

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.

-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

-E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicarase respecto do inmovible no que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, como consecuencia da implantación dunha actividade económica ou empresarial.

Polo tanto os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo inmovible.

3.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

-Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.

-Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.

-Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.

-Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.

-Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.

-Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.

-Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

3.3.- O prazo de aplicación desta bonificación será como máximo de tres períodos impositivos e aplicarase desde o período impositivo seguinte á data de autorización de inicio da actividade no local.

3.4.- Non se considera creación de emprego:





CONCELLO DE
OLEIROS

a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.

b) As contratacións derivadas de traslados ou de movementos da persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou de distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

3.5.- Para o goce desta bonificación, os interesados presentarán no primeiro trimestre do exercicio seguinte á data da autorización de inicio da actividade no local, un escrito dirixido ao Alcalde solicitando a aplicación da bonificación neste imposto, acompañado da seguinte documentación asinada polo representante legal da empresa:

a) - Resolución de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego.

b) - Declaración censal do IAE ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que acredite a data de inicio da actividade no termo municipal, no centro de traballo obxecto de bonificación.

c) - Declaración responsable no que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados dende á data da autorización de inicio da actividade no local ata o mes de decembro do exercicio anterior ao que corresponde aplicar por primeira vez a bonificación no Imposto, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a), e b) do apartado 3.4 deste artigo.

d) - En caso de que a actividade se vaia a desenvolver por un arrendatario, deberá acreditar que o propietario lle repercute o imposto sobre bens inmobles.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e mantemento de emprego que da lugar á aplicación da bonificación regulada nesta Ordenanza.

3.6. A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas desde a data de autorización de inicio da actividade ata o mes de decembro (incluído) do ano anterior ao que corresponda aplicar a bonificación no imposto.

No suposto de contratos a tempo parcial, a creación de emprego computarase de forma proporcional á xornada de traballo a tempo completo. Si do resultado do cómputo se obtén un número decimal, este redondearase ao número enteiro máis próximo.

O Alcalde-Presidente ditará resolución concedendo ou non a bonificación segundo corresponda.

3.7.- O goce da bonificación no segundo e terceiro exercicios queda condicionado ao mantemento das condicións que se cumpriron para o seu outorgamento.

Para realizar a comprobación do mantemento do emprego terase en conta a media dos contratos indefinidos existentes no ano natural anterior (de 1 de xaneiro a 31 de decembro).

Aportarase polo representante legal da empresa, dentro do primeiro trimestre do ano ao que se refire a bonificación, a documentación a que se refire o apartado c) do punto 3.5 anterior, correspondente ao ano natural anterior.

Non obstante, no caso de producirse variacións no número de postos de traballo, en relación aos que se tiveron en conta no momento de outorgar a bonificación o primeiro ano, procederase da seguinte maneira:

a) Si se mantén o número de postos de traballo ou o aumento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo, acordarase a bonificación nos termos iniciais.

b) No caso de que o incremento de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo de bonificación, acordarase a porcentaxe que lle corresponda a ese novo tramo.

c) No caso de que a diminución de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo da bonificación, acordarase a porcentaxe que corresponda ou a perda da mesma se é o caso.





CONCELLO DE
OLEIROS

3.8.- Esta bonificación poderá solicitarse en relación a inmobles onde se vaian a desenvolver novas actividades, instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

4. Gozará dunha bonificación do 50% da cota, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao de finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

4.1 Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a.-Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 1 kw por cada 100 m² de superficie construída.

b.-Que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c.- Que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexan obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

4.2. Que o inmovible teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa máis alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

No suposto da bonificación do apartado 4.1 anterior:

-Proxecto técnico ou memoria técnica.

-Certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma (modelo IN407B ou similar).

-Especificacións técnicas dos sistemas instalados.

-Acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.

-Certificado final das obras, no seu caso.

-Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licenza urbanística e Imposto de construción, instalacións e obras.

-Fotografía da instalación.

No suposto da bonificación do apartado 4.2 anterior:

-Acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obras e instalación dos sistemas de produción de Enerxía.

Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licenza urbanística e Imposto de construcións, instalacións e obras.

-Certificado de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a concesión deste beneficio será necesario informe do Departamento de Urbanismo do Concello que acredite o cumprimento dos requisitos para o goce do mesmo. O departamento de Xestión Tributaria constatará de oficio o empadramento do suxeito pasivo no inmovible obxecto da solicitude.

-Fotografía da instalación.





CONCELLO DE OLEIROS

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro. Transcorrido o período de goce sinalado, non se poderá conceder de novo o beneficio por este motivo.

5.- As bonificacións reguladas nos apartados 2 e 4 deste artigo e a regulada polo artigo 74.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais., son compatibles entre si e aplicaranse de forma sucesiva.”

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2º (punto 2) da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, incrementando o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana nun 10%, pasando de 0,605% a 0,6655%.

Tras esta modificación o artigo 2º queda redactado do modo seguinte:

“Artigo 2º

1.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,6655%.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,75%.

3.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3%.”

Terceiro.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Cuarto.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 8.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Mª José Varela**, explicando que se propón modificar o art. 7º da ordenanza do ICIO, incorporando un novo apartado 3 que estableza unha bonificación de ata o 50% a prol das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial; a modificación do tipo de gravame para as construcións do 3 ó 3,5% e a modificación do anexo para adaptalos ós prezos actuais. Porén, propónse aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 11, regulador do ICIO en base ó antes manifestado.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que pasa un pouco o mesmo que coas anteriores aínda que nesta ordenanza é certo que non se sube desde o ano 2012, pero van subila un 17% e non poden alegar que nestes doce anos que pasaron non puideron habela subido progresivamente en vez de facelo agora dunha vez.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, Dª **Mª Carmen Acuña**, a efectos de aclarar que ela en ningún intre chamoulle atracador ó alcalde, senón que o que considera un atraco son estas subidas e non lle chegaba con subir as taxas senón que tamén sobe os impostos, debe ser que o multiusos debe resultar moi caro.





CONCELLO DE OLEIROS

Modifican a ordenanza fiscal nº 11 para incrementar todo aquilo relacionado co sector da construción, instalacións e obras da veciñanza cando fagan as súas vivendas. Empezan disimulando propoñendo unha bonificación do 50% para vivendas de protección oficial, pero o imposto sobe un 3,5%.

Tamén sinalan que van bonificar as obras de accesibilidade para persoas con dificultade de mobilidade, pero non din que a substitución dunha bañeira por un prato de ducha custa 1.215 €; que a instalación dun salva escaleiras 8.067€; a instalación dun ascensor máis de 97.000 € e tampouco din que unha vivenda unifamiliar media, que custe construír en torno a 350.000 €, isto o extrae dos informes facilitados na comisión informativa, vai pasar de pagar 3.900 € de ICIO a 5.699 €, pensa que unha subida considerable.

No 2025 coa nova fiscalidade no ICIO, aplicada ós proxectos que o goberno municipal espera que constrúan, 70 vivendas unifamiliares, máis de 7 plurifamiliares, coas autoliquidacións provisionais conseguirán sumar máis de 700.000 € para engadilos ó capricho do alcalde e pregúntase ¿Cantos quilómetros de tubaxe renovadas?; ¿Cantas novas beirarrúas?; ¿Cantas vivendas de protección poderíanse facer? Con todos eses cartos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dicindo que están a prol dunha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións e obras das vivendas de protección oficial. Achan correcta unha subida do 3 ó 3,5% do tipo de gravame e tamén dos prezos medios de execución material.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que no Concello de Cambre aplícase o 3%, en Culleredo o 3,5%, tamén en Arteixo o 3,5% e na Coruña o 4%; Oleiros pasa do 3 ó 3,5%, polo que están na media dos concellos da comarca, incluso o Concello da Coruña por riba co 4%.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 100 e seguintes da Lei 7/85, 90 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo) e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, do informe emitido pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos de data 3 de outubro de 2024, en relación á proposta de modificación dos artigos 7º, 3º e Anexo da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, incorporando un novo apartado 3, que estableza unha bonificación de ata o 50 por cen a favor das construcións, instalacións u obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Tras esta incorporación o artigo 7º da Ordenanza fiscal queda redactado do modo seguinte:

“Artigo 7º.- BONIFICACIÓN

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





1. Bonificacións para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, beneficiaranse dunha bonificación do 60% da cota resultante e acorde coas seguintes regras:

- Necesariamente no inmovible a que se refiren as obras de reforma, ha de residir habitualmente unha persoa discapacitada, a cal debe estar empadroadada.

-Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

-No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación da dita edificación para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, unicamente computarase para o cálculo da cota con dereito a bonificación, as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte correspondente a obras que favorezan as ditas condicións. Xuntarán á solicitude memoria elaborada por técnico competente na que se motive e valoren as partidas correspondentes ás obras de acceso e habitabilidade de conformidade á normativa sobre accesibilidade para as que se solicita a bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, e o prazo de solicitude será desde a presentación da solicitude da licenza de obra ata a finalización do prazo de ingreso da autoliquidación do imposto. Na solicitude deberá de identificarse á persoa discapacitada, autorizando ao Concello á consulta do Padrón Municipal de habitantes e aportarse certificado de discapacidade emitido polo órgano competente (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou equivalente).

2. Bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego.

2.1.- En base ao establecido no apartado a) do artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese que terá dereito a unha bonificación de ata o 95 por cen na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, cando esta fora declarada polo Alcalde segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego e se implanten en solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación:

-SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

-SUNP I-3-R (Iñás).

-SUNP A-32 e 2-A Xesta.

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Ícaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.

-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

- E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicarase unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos.

Polo tanto, os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo local durante tres anos (36 meses) a contar desde a data de autorización de inicio da actividade.





CONCELLO DE OLEIROS

2.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

2.3.- Non se considera creación de emprego:

- a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.
- b) As contratacións derivadas de traslados ou movementos do persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

2.4.- As autoliquidacións polo Imposto que corresponda presentar en base ao establecido polo artigo 4º.2 desta Ordenanza calcularanse aplicando as porcentaxes de bonificación que corresponda de acordo co establecido no acordo de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego. Acompañarán á autoliquidación copia de esta declaración.

2.5.- A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas durante o período de 36 meses a contar dende a data da autorización de inicio da actividade. Todo elo a efectos de establecer a porcentaxe de bonificación que corresponde aplicar na cota do imposto.

Para elo, o representante legal da empresa presentará durante o mes seguinte á finalización dese período de 36 meses, declaración responsable no que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados nos 36 primeiros meses de exercicio da actividade, contados desde a data de autorización de inicio da actividade, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles, acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a) e b) do apartado 2.3 deste artigo.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e o mantemento de emprego que da lugar a aplicación da bonificación regulada nesta ordenanza.

Á vista da documentación presentada comprobarase a procedencia ou non da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na autoliquidación, calculando o número de postos de traballo como promedio dos primeiros 36 meses de exercicio da actividade, a efectos de aplicar o tramo de bonificación que corresponda; practicando no seu caso a liquidación que corresponda.

2.7.-Esta bonificación poderá solicitarse respecto das construcións, instalacións ou obras referidas a novas actividades instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

3.- Bonificación a favor das construcións, instalacións uo obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto as obras de nova planta ou de rehabilitación xeral con destino a vivendas sometidas a calquera réxime de protección pública, presentándose autoliquidación do Imposto polo suxeito pasivo tal que como se regula polo artigo 4º da Ordenanza.

A tal efecto, no suposto de promocións mixtas que inclúan locais ou vivendas libres e vivendas protexidas, a porcentaxe de bonificación aplicarase á parte de cota correspondente a ás construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente á construción das vivendas protexidas a que se refire este precepto. Igual prevención





CONCELLO DE
OLEIROS

terá lugar no suposto de que a promoción comprenda vivendas suxeitas a réximes de protección pública distintos dos referidos neste artigo.

En ambos casos, para gozar de la bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do orzamento no que se determine razoadamente o coste que supón a construción dunhas e doutras vivendas. En caso de que non fose posible o seu desglose, a efectos da bonificación prorratearase o orzamento en proporción ás respectivas superficies. “

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3º.2 da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, modificándose o tipo de gravame a aplicar á base imponible para calcular a cota do imposto, pasando do 3% ao 3,5%.

Tras esta modificación o texto do artigo 3º da Ordenanza Fiscal nº 11, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forma parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2.- A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame, que será do 3,5%.

3.- O imposto devégase no intre de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se acadara a correspondente licencia.”

Terceiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo da Ordenanza fiscal nº 11, actualizando os prezos medios de execución material segundo informe da Coordinadora de Servizos Urbanísticos de data 3 de outubro do 2024.

Tras esta modificación o Anexo queda redactado do modo seguinte:

“ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Relación de módulos de construción, unidades de obra e prezos unitarios		
OBRA MAIOR		EUROS
m ²	Vivenda plurifamiliar	1.061,43
m ²	Vivenda unifamiliar	1.206,17
m ²	Reforma o rehabilitación de vivenda unifamiliar integral sen modificación de estrutura.	805,88
m ²	plantas soto e locais diáfanos	530,71
OBRA MENOR		
Demolicións		
m	Demolición de cierre zocalo+malla 1,80m	51,33
m	Demolición muro fabrica, bloque ou pedra 1,80m	61,26
m ²	Demolición de edificación por cada planta de 100m ² i/cimentacion	85,45
m ²	Demolición de galpón	65,44
fachadas e cubertas		





CONCELLO DE
OLEIROS

m ²	Impermeabilización cubertas inclinadas	21,42
m ²	Colocación de tella.	52,69
m ²	Colocación de pizarra.	29,56
m ²	Impermeabilización cubertas planas	35,39
m	Cambio de canalóns ou baixantes	28,68
m ²	Impermeabilización fachada con láminas	31,18
m ²	Illamento de fachada tipo SATE	36,25
m ²	Pintura fachadas	10,33
kw	Instalación solar fotovoltaica	1.288,00
interior		
ud	Reforma de baño 5m ²	3.434,70
ud	Reforma de cociña 15m ²	5.440,42
ud	Substitución de bañeira por prato de ducha	1.215,27
m ²	Cambio de Alicatado.	44,46
m ²	Cambio de Solado.	66,61
m ²	Substitución ventás	396,24
ud	Substitución porta entrada	866,02
ud	Substitución porta paso	233,19
ud	Porta acceso garaxe	2.595,82
m ²	Pintura interior paredes y teitos	6,47
ud	Substitución mecanismo ascensor	15.180,00
ud	Instalación ascensor novo	97.425,94
ud	Instalación salvaescaleiras	8.067,00
ud	Instalación de aerotermia s/radiadores	11.200,00
ud	Instalación de punto de recarga vehículo eléctrico	3.355,33
Urbanización		
m ²	Beirarrúa perimetral á vivenda	69,92
m ²	Soleira	51,46
m ²	Rampla	51,46
ud	Porta peonil	929,27
ud	Portalón vehículos	3.626,36
m	Peche de tea metálica	38,89
m	Peche de zócalo e tea metálica	119,75
m	Peche de muro de contención e tea metálica	222,87
m ²	Caseta prefabricada.	74,31
m ²	Edificación auxiliar / galpón	341,03
m ²	Porche	259,87





CONCELLO DE
OLEIROS

m ²	Pérgola	100,21
m ²	Piscina de obra	625,86
m ²	Piscina prefabricada	449,49
ud	Pista deportiva de Tenis (17x35)	20.746,29
ud	Pista deportiva de Padel (10x20)	7.763,04
ud	Pozo artesiano	2.840,00

Cuarto.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Quinto.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 9.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón modificar o art. 1º da ordenanza fiscal nº 12, reguladora do IVTM, modificándose o coeficiente fixado polo citado artigo en 1,3348 para tódalas clases de vehículos, agás para os turismos de 20 cabalos fiscais en adiante, pasando a ser de 1,5350, é dicir, un incremento do 15%; modificándose tamén o coeficiente fixado polo mesmo art. en 1,8705 para os turismos de 20 cabalos fiscais en adiante.

Ademais, con esta subida asimílese este imposto ás tarifas aplicadas nos concellos da comarca, como Arteixo e quedando por debaixo das que se aplican nos concellos de Cambre, Culleredo e Coruña.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, dicindo que lles sorprende que se realice unha subida dun 15% no imposto a un vehículo que podería ter calquera de nós de como moito 160 cabalos e so un 7% e entenden que está topado e que non se pode subir máis, polo que solicitaría que se subisen nos dous casos o 7% porque ó final van de Oleiros verde e só lle suben un 7% ó vehículo que emite de todo.

Fóra disto, alegan que por exemplo en Bergondo ou noutro calquera concello pagan máis, parece que están coa teima do ti máis, non o entenden. O que quere saber a veciñanza e o que van pagar de imposto, non o que pagan ou deixan de pagar en Bergondo, insiste en que lle sorprende moito esta inercia.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que modifican a ordenanza do IVTM e parece que os coches tampouco se libran do atraco da subida, aínda que non todos por igual e non sabe como se contempla o coche oficial.

Líbranse só os históricos e bonifican os híbridos e eléctricos, pero o concello segue sen incorporar estes modelos de vehículos para a súa flota, non sabe se queren pagar máis taxas e quere referirse a esa comparativa que fixeron para explicar a modificación deste imposto, porque pódese comprobar que Oleiros coas tarifas que viña aplicando ocupaba





CONCELLO DE
OLEIROS

o terceiro lugar, so por diante de Abegondo e Bergondo, pero tralo atraco-subida sobre dous postos na listaxe e adianta a Sada e Arteixo e nos demais de máis de 20 cabalos fiscais, por diante de todos, Culleredo e Cambre, tamén e ó mesmo nivel que a cidade da Coruña, outra subida moi forte.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, explicando que os mesmos argumentos utilizados para a aprobación da modificación do IBI, por moi xusto ou correcto que poida ser, que obedeza á subida do IPC ou que leve anos sen subirse, cunha subida dun 15% non poden estar de acordo e en todo caso, aplicarse en 2-3 anualidades e non de súpeto.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, explicando para o público e oíntes de Radio Oleiros que un vehículo de 8 cabalos no ano 2025 pasa a pagar 19,38 €; en Culleredo 22,5 €; en Cambre 22,6; en Arteixo 19,34; polo que como se pode ver págase máis noutros concellos da comarca, pero é que os vehículos de entre 8 e 11 cabalos fiscais, que representa a media no municipio, pasan a pagar 52,33 €; en Culleredo 60,8 €; en Cambre 59,57; en Arteixo 52,23 e na Coruña, 60,8 €. É dicir, a pesares da subida está por debaixo dos concellos da comarca e se poderá alegar o que se queira pero a realidade é esta e o que está claro e que podendo equiparar as tarifas a outros concellos non o fan, porque a subida a aplicar resulta suficiente a efectos recadatorios.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 92 e seguintes da Lei 7/85, 90 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo) e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación dos artigos 1º e 5º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 1º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, modificándose o coeficiente fixado polo citado artigo en 1,3348 para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos fiscais en diante, pasando a ser 1,5350 (incremento dun 15%) e modificándose o coeficiente fixado polo mesmo artigo en 1,8705 para os turismos de 20 cabalos fiscais en diante, pasando a ser 2,00 (incremento de 6,9323%), redondear por exceso ou por defecto as cotas resultantes ata o inmediato múltiplo de 5.

Tras esta modificación o texto do artigo 1º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento nas cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable a este municipio, en relación co cadro de tarifas do artigo 95.1 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, queda fixado





CONCELLO DE
OLEIROS

en **1,5350** para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos en diante que será do **2,00**; resultando os seguintes importes, una vez redondeados por exceso ou por defecto ata o inmediato múltiplo de 5:

CLASE DE VEHICULO E POTENCIA	CUOTA TRIBUTARIA
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	19,40
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	52,30
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	110,40
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	137,55
De 20 cabalos fiscais	224,00
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	127,90
De 21 a 50 prazas	182,10
De máis de 50 prazas	227,60
CAMIONES	
De menos de 1000 kg de carga útil	64,90
De 1000 a 2999 kg de carga útil	127,90
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil	182,10
De máis de 9999 kg de carga útil	227,60
TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	27,10
De 16 a 25 cabalos fiscais	42,60
De máis de 25 cabalos fiscais	127,90
REMOLQUES E SEMIREMOLQUES	
De menos 1000 kg e mais 750 kg carga útil	27,10
De 1000 a 2999 kg de carga útil	42,60
De máis de 2999 kg de carga útil	127,90
OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	6,80
Motocicletas ata 125 cc	6,80
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc	11,60
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	23,30
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc	46,50
Motocicletas de máis de 1000 cc	93,00

Para a aplicación do anterior cadro de tarifas estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 2.822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos e tendo en conta, ademais as seguintes regras:

a) Os vehículos mixtos adaptables e os derivados de turismos (clasificacións 31 e 30 respectivamente, conforme ao Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

1º. Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará conforme á letra B) do artigo 4º.

2º. Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos

de carga útil, tributará conforme á letra C) do artigo 4º.





- b) Os motocarros tributarán, aos efectos deste Imposto, pola súa cilindrada conforme á letra F) do artigo 4º.
- c) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.
- d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outro vehículo de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.
- e) A potencia fiscal do vehículo expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 11 do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2.822/1998 e elo en relación ao previsto no Anexo V do mesmo texto legal, segundo o tipo de motor, expresada con dúas cifras decimais aproximadas por defecto.
- f) A carga útil do vehículo, a efectos do imposto, á a diferenza entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a Tara do vehículo, expresadas ambas magnitudes en Quilogramos.
- g) Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 segundo o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán, aos efectos deste imposto, pola súa carga útil conforme á letra C) do artigo 4º."

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5º Bonificacións, como consecuencia da derogación do Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, tal e como se establece pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, sendo a referencia correcta á lexislación, o Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

Tras esta modificación o artigo 5º Bonificacións queda redactado do modo seguinte:

"Artigo 5º.- BONIFICACIÓNS

1. Os vehículos históricos catalogados de acordo co establecido no **Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos**, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada ou non do Imposto.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a súa antigüidade. A estes efectos deberán xuntar á solicitude, o permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo, o NIF/CIF do solicitante e a resolución da catalogación como vehículo histórico ditada polo órgano competente da Comunidade Autónoma, no seu caso.

Os interesados presentarán a solicitude antes do 31 de decembro de cada ano e terá efectos no período impositivo seguinte a aquel en que se formulase a correspondente solicitude.

Non se concederá esta bonificación a aqueles suxeitos pasivos que figuren con débedas pendentes por calquera concepto fronte á Facenda municipal.

2.-Os vehículos das clases turismo, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consume o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

- a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes.

Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación.

- b) Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisión nulas.

Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto con carácter indefinido, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

- c) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible o biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP (gas licuado del petróleo).





CONCELLO DE OLEIROS

Estes vehículos se beneficiarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto mentres utilicen os combustibles citados.

As bonificacións citadas anteriormente a), b) e c) terán carácter rogado, e dicir, os interesados deberán instar a súa concesión acompañando: A ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos.

No suposto de que se desexe que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas percibidas con anterioridade.”

Terceiro.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Cuarto.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 10.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que neste punto trátase da proposta de modificación da ordenanza da ORA que, como saben, só é aplicable durante a tempada de verán e se establece un incremento das súas tarifas, de tal maneira que por 1 hora, pásase de 0,50 € a 07 €; en 2 horas, de 1 € a 1,50 €; 3 horas de 2 a 2,50 €; 4 horas, de 3 € as 3,50 € e 1 día completo, de 5 a 5,50 €.

Ademais, increméntase tamén a tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por exceder do tempo de estacionamento aboadado, antes de transcorrido o prazo dunha hora, que será agora de 3 € e a tamén, a tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por non ter ticket e anular dentro do mesmo día, que pasa a 8 €.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, dicindo que a subida aplicada ós vehículos que estacionaban por curta duración súbeselles un 50% e as outras subidas correspóndense con 0,50 € e isto é do que falou con anterioridade sobre a arbitrariedade ó non existir un estudo realizado onde se manifeste canto se debería cobrar polo tempo de estacionamento. Non se contempla un estudio sobre custes sobre o control de aparcamento, mantemento de parquímetros, adecuar a zona, etc., todo iso é o que tiña que conter o informe a efectos de sustentar a proposta de subida porque dá a sensación de que se xuntaron e decidiron así como así que se subise o medio euro a cada tarifa, isto é o que parece.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que esta subida da ORA non teñen claro como xustificala, non supón ningunha mellora para o usuario como quedou claro na propia comisión informativa, porque ata tiveron que utilizar a amortización dos gastos no arranxo dos propios terreos para os aparcadoiros.





Propón que ofrezan polo menos melloras para os residentes e exencións nas tarifas para aquelas zonas preto dos centros de saúde, que obrigan ós doentes a estar pendente de cambiar o ticket cando se demora a súa asistencia sanitaria, pero xa saben que aquí non se trata de mellorar senón de cobrar, por iso o seu grupo vai votar en contra tamén desta modificación proposta porque insiste en que lles parece un atraco e, ademais, perpetrado con premeditación e alevosia como demostra de que achegan todas estas modificacións xuntas para que se noten menos e ademais ligadas á aprobación do orzamento, o asunto máis importante e de capital importancia de todo o ano, a verdade é que lles parece todo moi burdo.

Intervén a voceira do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que é coñecido que o BNG non concorda cun modelo de ORA que non contempla que sexa gratuíta para os residentes, máis por outra banda, no pleno do pasado mes de setembro pedían un plano integral de turismo para que fose sustentábel, respectuoso, racional e ecolóxico coa vida cotiá da cidadanía. Unha previsión para evitar máis masificación presentes e futuras incomodidades para Oleiros e a súa veciñanza.

Están de acordo coa subida das tarifas da ORA para que vaian na liña de afrontar eses gastos de turismo masivo, paliando as súas consecuencias desde esta perspectiva.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, apuntando que se trata dunha pequena subida e cando antes alegaban que as subidas deberían ser de xeito progresivo en anos, pois isto é o que están a facer con estas tarifas e neste caso concreto, pásase de 0,50 a 0,70 € por unha hora e él estivo onte na Coruña para facer unha xestión e houbo que pagar 6 €, cada hora máis de 2 € e coa salvedade de que hai que aparcar neses aparcadoiros porque non existe outra alternativa.

Cando se refiren ós residentes, dicirlles novamente que toda Sta. Cristina, agás a fronte da praia, é de aparcamento libre e gratuíto; o mesmo en Sta. Cruz, que só existe a ORA na zona que linda co porto e a praia de Naval e en todo Mera existe innumerables sitios onde aparcar, agás a fronte que vai desde o Nai-Pai ata a Lagoa, polo que as zonas onde se instalou a ORA son escasas e os veciños que vaian a Mera, Sta. Cruz ou Perillo a xantar ou a tomar un café ou aperitivo teñen onde aparcar porque ó estar suxeito a ORA hai prazas, mentres que antes os e as que ían á praia aparcaban e tiñan o seu vehículo diante da praia durante todo o día e non o movían ata que se ían.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 15 a 19 e 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), o sinalado nos artigos 6 e seguintes da Lei 8/89, de 13 de





CONCELLO DE OLEIROS

abril, de Taxas e Prezos Públicos e á vista do informes emitidos polo Xefe do Servizo de Interior de data 11 de outubro do 2024 e polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 31, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento modificándose as tarifas reguladas polo artigo 5º.

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 31 queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 5. Cota tributaria:

As tarifas da taxa serán as seguintes:

1 hora	0,70 €
2 horas	1,50 €
3 horas.....	2,50 €
4 horas.....	3,50 €
1 día (máximo)	5,50 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por exceder o

tempo de estacionamento aboado, antes de transcorrido o prazo dunha hora: 3,00 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por non ter ticket e

anular dentro do mesmo día: 8,00 €.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 11.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Mª José Varela**, explicando que se propón aprobar a modificación do art. 41 da Ordenanza Fiscal Xeral, incorporando un novo parágrafo no punto 6, que regule a exención de pagamento de xuros de demora nos supostos de aprazamentos ou fraccionamentos de pago solicitados durante o período voluntario de pago, sempre que se trate débedas de vencemento periódico e notificación colectiva e que o pagamento total destas se produza no mesmo exercicio que o do seu pago.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que respecto á ORA se a pretensión é que se produza movemento de vehículos, o que se debería é de obrigar a un tempo de estacionamento máximo, non que a propia ordenanza permita que estea aparcado todo o día, simplemente polo feito de pagar. Si se obrigase a rotar, ó igual que se obriga a ordenanza de aparcamento nas cidades o que busca é que os vehículos teñan unha obrigada rotación polo tanto, a argumentación flaquea.





CONCELLO DE OLEIROS

En canto a este punto que se está a tratar, parece que ó alcalde non lle gusta que se lle denomine como un atraco a man alzada, pero o certo é que na rúa existe un enfado considerable e co tema da auga xa, nin lle conta. Esta subida importante que achega o goberno municipal, xusto o ano despois das eleccións municipais, xa o fixeron no ano 2023, en setembro, subiron as taxas, agora no outono outra vez, suficientemente alonxados das vindeiras eleccións e súbenas moito e de golpe, o que vai xerar en determinadas economías que estean un pouco apretadas economicamente é un certo estrés motivado polos que tiñan que representar ós seus veciños, que menos que se permita un fraccionamento sen incrementar o custe e o que habería que facer, xustamente ante este aumento das taxas, é que de maneira xeral estas taxas e tributos se poidan aboar de xeito fraccionado sen aumento de custe, porque vai repercutir moito na veciñanza neste vindeiro exercicio de 2025 e volvendo ós problemas co tema da auga, vaia a calquera sitio público e coménteo xa verá o que lle din.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 4 da Lei 7/85, 10 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), e á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 41 da Ordenanza Fiscal Xeral, proponse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, consistentes en:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación do artigo 41 da Ordenanza Fiscal Xeral incorporando un novo parágrafo no punto 6, co fin de regular a exención de pagamento de xuros de demora nos supostos de aprazamentos ou fraccionamentos de pago solicitados durante o período voluntario de pagamento, sempre que se refiran a débedas de vencemento periódico e notificación colectiva e que o pagamento total destas se produza dentro do mesmo exercicio que o do seu devengo.

Tras esta incorporación o artigo 41 queda redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 41.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.
2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederáos discrecionalmente, a Administración municipal, tras a petición dos obrigados ao pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.
3. A tesoureira disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, achegando os documentos oportunos.
4. As solicitudes presentaranse dentro dos seguintes prazos:

Débedas en período voluntario: antes da finalización do período voluntario fixada para o seu pagamento. Para as declaracións-liquidacións e autoliquidacións, ata o termo de presentación destas.

Débedas en período executivo: en calquera momento anterior ao acordo de alleamento de bens embargados.





CONCELLO DE
OLEIROS

5. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución coas condicións reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

6. As cantidades aprazadas acumularán xuros de mora na contía do xuro legal.

Non se esixirán xuros de demora nos supostos de aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento solicitados durante o período voluntario, sempre que se refiran a débedas de vencemento periódico e notificación colectiva e que o pagamento total destas se produza dentro do mesmo exercicio que o do seu devengo.

7. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non a percepción do xuro de mora.

8. O alcalde ou o/a tenente de alcalde en quen delegue, terán a competencia para conceder ou denegar os aprazamentos ou fraccionamentos, tanto en período voluntario como executivo.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 12.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón a modificación do art. 5 da ordenanza nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este, por cambios nas súas tarifas.

O incremento dos custos dos servizos, tanto directos coma indirectos, no últimos once anos produciu unha situación de desequilibrio na conta de explotación do servizo de abastecemento de auga potable, só o cálculo de variación do índice de prezos ó consumo, no período comprendido entre decembro de 2012 e agosto de 2024, últimos catro anos dispoñibles no intre da elaboración do informe emitido, foi do 23,8%.

No mes de xullo de 2024, o provedor de auga potable EMALCSA, que é a empresa municipal de augas da Coruña, incrementou a súa tarifa de auga nun 3,52%, supondo o custo da compra de auga máis do 70% do custo total dos aprovisionamentos da empresa, o que agrava aínda máis unha situación de equilibrio financeiro.

Coa fin de equilibrar o orzamento do exercicio 2025 é necesario obter un incremento da partida de ingresos, dado que a porcentaxe máis importante procede da recadación da distribución do auga, cómpre logo proceder a unha modificación das tarifas vixentes para acadar o equilibrio orzamentario desexado.

Ó mesmo tempo, cómpre tomar medidas de adaptación á directiva europea e ó pacto local para a xestión do ciclo urbano da auga da Xunta de Galicia, polo que para adaptarse á lexislación vixente débese modificar o sistema de tramos, onde os máis elevados teñan un tipo de gravame superior e no que atinxe á tarifa doméstica, débese ter en





CONCELLO DE
OLEIROS

conta o número de persoas da vivenda, para evitar que se penalice un maior consumo en vivendas de moitos habitantes. A proposta de cambio establece logo 4 tipos diferentes de tarifas, a doméstica; a non doméstica; a de obras e a de protección contraincendios.

Para tódalas tarifas propónse establecer unha conta de dispoñibilidade de 15 € trimestrais que dá dereito ó acceso permanente ó servizo de auga potable e que se aboará con independencia do consumo realizado. É importante salientar que Oleiros, ata agora, foi o municipio da comarca co recibo de auga máis económico.

En base a esta proposta, procede a relacionar as tarifas propostas para os diferentes consumos trimestrais en base ós de subministración doméstica; non doméstica; por obras e contraincendios. En canto á cuantificación do volume da auga consumida, determinarase en base ós procedementos da diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas e en base á estimación de consumos.

No caso de constatar a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ó usuario que desvirtúen o volume de consumos, a entidade subministradora poderá aplicar unha redución na factura, previa solicitude do aboado e que se aplicará unicamente ó exceso de consumo producido por mor da citada avaría.

Polo tanto e dado que a lei establece que por defecto, aplícase o tramo de 3 persoas por vivenda, as de menos de catro persoas beneficiaranse dun número de metros cúbicos libres, 18 m³/trimestre.

Débase salientar que se tentou de minimizar o impacto da subida de tarifas nos primeiros tramos de consumo, onde se concentra o maior número de aboados e a efectos do cálculo de prezos de cada tramo, considérase a porcentaxe de aboados afectados, hai que ter en conta que practicamente a metade dos aboados da tarifa doméstica atópase no primeiro tramo de consumo, de aí que se propoña que o seu prezo sexa de 0 €/m³ nese tramo. Deste xeito, o incremento que supón para estes aboados o establecemento da cota de dispoñibilidade, nin sequera repercute a variación do IPC e de EMALCSA, supondo o incremento en termos absolutos un importe de 1 €/mes neste primeiro tramo de consumo.

Ó mesmo tempo, propónse unha redución na tarifa correspondente ó consumo doméstico de auga potable ás vivendas nas que convivan máis de catro persoas, sempre que estas estean empadroadas na mesma vivenda.

En canto á tarifa non doméstica e á de subministración por obras, para a proposta de cambio de tarifas, aplícase a premisa de que ningunha industria ou negocio aboe importes inferiores ou iguais a consumos da tarifa doméstica; incentivando deste xeito o consumo responsable ó eliminar o tramo único vixente e establecer os mesmos tramos de consumo que na tarifa doméstica.

A tarifa de subministración de obras, diferénciase da tarifa non doméstica polo seu carácter temporal, aínda que se establecen os mesmos tramos e importes para as súas tarifas; a tarifa de protección contraincendios, aplicarase ós aboados que a teñan contratada e tarifarase polo seu consumo nun tramo único.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que en primeiro lugar quere facer unha matización ó existir un erro na proposta dado que ó seguir a literalidade do que está escrito, a subministración de protección contraincendios di “Tramo único, calquera consumo 0,60 €”, é dicir, debería figurar unha unidade de





CONCELLO DE
OLEIROS

medida, sinalarse que son os 0,60 € por metro cúbico, porque aténdose a esta literalidade un usuario industrial podería dicir que a súa tarifa son 0,60 € e estase falando de consumos importantes...

Sinala a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que se entende que é por metro cúbico, pero matizarase para que non dea lugar a equívoco.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, manifestando que en canto ós tramos estanse a dicir medias verdades porque agora o tramo básico vai ser ata 18 m³ pero é que ata agora este tramo era ata 27 m³, é dicir, reducen un terzo o máximo que pode consumir unha vivenda para facturarlle o mínimo, o que sería a 0 €/m³, cando agora se pasa no tramo seguinte de 18 a 36 m³, antes era de 54 a 108 m³, que xa era moito consumo; na practica xa vaticina o que vai acontecer, a seca de xardíns particulares en Oleiros vai ser total no verán que ven, porque con estes prezos non vai haber ninguén que bote un pouco de auga para regar a súa finca, iso sí estarán verdes os xardíns públicos porque non pagan esa taxa.

Por outra banda, as reducións por avarías fortuítas, realmente habería unha pregunta a formularse se un veciño ten unha fuga, acreditado que foi unha fuga sen mala intención, fortuíta, segundo a proposta pode solicitar estimándose unha redución no pagamento dese consumo, pero ¿Que pasa cando as fugas que se producen diariamente son por culpa da rede municipal?; ¿Quen asume esa sanción?; ¿Quen a paga? Está ben que se advirta ó veciño que ten que ser dilixente co consumo de auga pero insiste ¿Que acontece con todas as roturas da rede que se producen a diario?. As matizacións xurídicas e administrativas son moi importantes, porque as administracións teñen a obriga de ser moi rigurosas coas cousas, a técnica de inspección tributaria si que fai mención nesta ordenanza á Lei de Bases do Réxime Local, pero fai mención ó art. 17 que fala da exposición pública e o período entre que se fai unha aprobación inicial e se eleva a definitiva, sen embargo non fala nada dos arts. 24 e 25 da nomeada LBRL que expoñen a necesidade de xustificar economicamente estes incrementos e nesta modificación proposta volve a falquear a necesidade do incremento porque fallan estudos e sinálese cal é o aumento en cada un dos tramos debido a cal é a súa xustificación e eses cartos que entran por un lado do peto da veciñanza oleirense, que non se esqueza, e cal ven sendo o seu destino, porque a cuestión xenérica que serven para mellorar os servizos públicos, sacando as partidas finalistas que figuran no orzamento e que representan uns 3,5 millóns de euros, o resto non son partidas finalistas, é dicir, que cada euro que entra no concello o goberno municipal o pode dedicar ó que desexen, non teñen nome, non é que él vaia pagar máis na auga para que estean mellor os xardíns, insiste en que son cartos que entra na caixa común e da que se derivan a diferentes temas.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que o aumento ó prezo da auga ademais de ser antiga ven dada tamén pola suba que tamén aplica EMALCSA, que é a provedora da comarca. Engádese unha nova tarificación con máis treitos e coa que están de acordo porque debe penalizarse o sobre consumo; estes tramos pasan a ser de catro.





CONCELLO DE
OLEIROS

En canto á subida, o tramo onde se atopa practicamente a xeneralidade dos fogares non é tan acentuado, en canto ás tarifas non domésticas ou industriais, con prezos máis elevados ficaría incluído o pequeno comercio e descoñece si se podería facerlle como un tarifa especial ós negocios chamados familiares e tamén están de acordo na imposición da tarifa mínima de 15 € pensando nas vivendas desocupadas e segundas residencias, na liña antes exposta dos gastos ocasionados polo turismo e un plano sobre este sector co que debería contar Oleiros.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que segundo o que remata de dicir o concelleiro do PSOE de que había un enfado moi grande na rúa polo recibo da auga, pero é que de momento non se subiu, como se adiantan ós tempos se aínda non o pagaron, que doado é facer demagoxia.

Para que saiban como queda ó final esta modificación da ordenanza, dicir que indudablemente a quen máis consuma máis se lle grava o recibo, porque o auga non se pode usar de xeito indebido. Existe un 44% da veciñanza de Oleiros que non consumen o mínimo, polo que van pagar a tarifa máis baixa e por riba, alegar que o superávit desta recadación adicase a outros temas, é gañas de mentir de xeito descarado porque quen recada é unha empresa pública, non o concello, e o recadado serve para o financiamento do servizo do auga.

Pero o que si é certo é que o incremento que lle chegou á veciñanza agora no recibo do lixo, que tamén vai co da auga, por mor das taxas que cobra agora a Xunta de Galicia, polo lixo, o alcantarillado e polo imposto da auga, é dicir, os concellos facemos de recadadores da Xunta de Galicia, isto é así.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto no artigos 4 da Lei 7/85, 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo) e á vista do informes emitidos polo Xerente de Aquaoleiros de data 10 de outubro do 2024 e polo TAE Inspección Tributaria, en relación á proposta de modificación do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 15, propónse ao Concello-Pleno, adopción de acordo de modificación da citada Ordenanza Fiscal, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5º. A) da Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este, por cambios nas tarifas.

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 15, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 5º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS

As prestacións a aboar determinaranse conforme ás seguintes tarifas, que se incrementarán no seu caso, con IVE vixente en cada momento:





CONCELLO DE
OLEIROS

A) Tarifa por abastecemento domiciliario de auga potable:

A.1) Tarifa xeral por abastecemento de auga potable:

		PRECIO M ³ .
SUBMINISTRACIÓN DOMÉSTICA		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m ³ / trimestre	0,00 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m ³ . ata 36 m ³ /trimestre	0,45 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m ³ . ata 72 m ³ /trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m ³ /trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN NON DOMÉSTICA		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m ³ / trimestre	0,60 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m ³ . ata 36 m ³ /trimestre	0,60 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m ³ . ata 72 m ³ /trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m ³ /trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN OBRAS		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m ³ / trimestre	0,60 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m ³ . ata 36 m ³ /trimestre	0,60 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m ³ . ata 72 m ³ /trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m ³ /trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS		
Tramo único	Calquera consumo	0,60 €

Cota de dispoñibilidade

Establécese unha **cota de dispoñibilidade de 15€/trimestre**, que dá dereito ao acceso permanente ao Servizo de Auga Potable e que se abonará con independencia de que se realice o consumo ou non.

Determinación dos consumos a facturar.

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

- Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.
- Por estimación de consumos:

1.No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior no que exista rexistro. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Senón existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalarase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días prorratearase a súa lectura.

2.No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose unicamente a cota de dispoñibilidade que se recolla na Ordenanza fiscal, sumándose o consumo para o primeiro período en que exista lectura real. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos tramos de tarifa máis elevada.

Reducións por avarías fortuítas





CONCELLO DE OLEIROS

No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a Entidade Subministradora poderá aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado, nos seguintes termos:

- a) A redución aplicarase con independencia de que tipo de tarifa de abastecemento domiciliario sexa.
- b) O desconto realizarase unicamente sobre a cantidade de m³ fuxida, resultante de restar ao consumo rexistrado no recibo que se revise o que se realizou durante o mesmo período de facturación do ano anterior. De non existir antecedentes suficientes, terase en conta para calcular este dato o consumo realizado nos 15 días posteriores á reparación da fuga prorrateado a un trimestre.
- c) A redución na facturación, será o equivalente a cobrar a cantidade de m³ fuxidos, calculados segundo o exposto no apartado b), ao prezo vixente do primeiro tramo da tarifa para uso non doméstico.
- d) No caso de contadores xerais, a redución que fai referencia o presente apartado aplicarase unicamente cando a avaría se produza na instalación xeral da comunidade.
- e) A entidade subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación “in situ” ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación.
- f) Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.
- g) A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

A.2) Tarifas reducidas por abastecemento de auga potable:

A.2.1 *Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de catro persoas, sempre que estas estean empadroadas na mesma vivenda.*

1) Condicións:

- a) *Beneficiario da tarifa reducida terá que ser titular da póliza individual do aboamento á subministración da auga e estar empadroado na dirección de subministro. Esta tarifa reducida aplicarase de oficio, a partir da facturación do trimestre posterior á data en que se produce o cambio de circunstancias.*
- b) *Día primeiro de cada trimestre natural serán notificadas polo Departamento de Estatística do Concello á entidade subministradora do servizo de auga potable as modificacións ocorridas durante o trimestre anterior en máis ou en menos do número de persoas empadroadas por vivenda, que poidan modificar o dereito á tarifa reducida.*

2) Importe da tarifa reducida:

- a) *Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por máis de catro persoas e menos de oito, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo, entre 19 m³/ttre e 72 m³/ttre, consistente en aplicarlle a estes m³ o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 72 m³/ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.*
- b) *Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por oito persoas ou máis, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo entre 19 m³/ttre e 90 m³/ttre, consistente en aplicarlle a estes m³ o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 90 m³/ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.*

A.2.2 *Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas comunidades de propietarios nas que exista un contrato para o consumo de auga quente sanitaria conxunto para todas as vivendas, consistente en aplicar a totalidade dos metros cúbicos consumidos o prezo vixente do segundo tramo da tarifa para uso doméstico.*

B) Dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento de auga.

B.1) Tarifa xeral por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:





CONCELLO DE
OLEIROS

Co obxecto de compensar o valor proporcional das inversións que o Concello deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e melloras das súas redes de distribución, ben no momento da solicitude, ou noutra ocasión, e no mesmo lugar ou en distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución, nas mesmas condicións anteriores á prestación da nova subministración, e sen ningunha diminución para os preexistentes, aboaranse os seguintes importes:

Diámetro Ø acometida (mm)	Importe do dereito
Ata 25 (inclusive)	289,40 €
30	347,27 €
40	463,02 €
50	578,79 €
60	694,54 €
70	810,29 €
80	926,04 €
100	1.157,55 €

O non previsto na escala anterior liquidarase a razón de 11,58 € por mm de diámetro de acometida.

B.2) Tarifa reducida por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:

Aboarán unicamente o 10% da tarifa B.1) anterior, aqueles propietarios que colaborasen economicamente na realización das obras comunitarias do abastecemento da auga, segundo conste nos documentos obrantes no Concello. Ao tratarse dun servizo de recepción obrigatoria, os propietarios que acometan á rede construída coa colaboración económica doutros veciños, virán obrigados a reintegrar ao Concello a parte proporcional que lles corresponda da achega veciñal. Ademais deberán satisfacer a totalidade da tarifa por dereito de acometida.

C) Formalización da póliza de enganche:

A formalización da póliza de enganche formalizarase co pagamento previo de 23,16 €.

D) Precintado de contador:

O importe a satisfacer por cada precintado do contador será de 3,85 €.

E) Dereitos de reenganche:

O importe a satisfacer polos dereitos de reenganche será de 38,58 €.

F) Derogado.

G) Alta do punto de subministración, que comprende a realización da acometida (obra mecánica) e instalación do contador, a que se refire o artigo 27 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

O importe da tarifa é o sumatorio dos importes correspondentes ás táboas a.1) e a.2) (cando corresponda), e b) seguintes:

Táboa a.1:

Acometidas con "T" fundición Bridada de derivación sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)				Acometidas con collarín de fundición sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)			
Tubo orixe da acometida (mm)	Diámetro tubería derivación para acometida Ømm (pulgadas)			Diámetro tubería acometidas Øpulgadas			
	100(4")	90(3")	75 (2 ½")	2"	1 ½" ou 1 1/4"	1"	3/4"





CONCELLO DE
OLEIROS

300mm	1.665,72	1.441,67	1.382,86	568,28	442,89	275,02	253,81
200mm	1.020,61	854,22	799,00	554,61	429,22	261,35	240,14
160mm	1.010,33	843,83	788,73	547,53	421,64	253,77	232,52
150mm	874,85	708,35	653,25	520,53	395,14	227,27	206,06
110mm	859,71	693,74	635,39	514,39	389,00	221,13	199,92
100mm	791,25	625,28	566,93	509,23	383,84	215,97	194,76
90mm		664,47	610,25	487,73	362,34	194,47	173,26
75mm			572,35	487,03	361,64	193,77	172,56
63mm ou menos				469,53	344,14	176,27	155,56

Táboa a.2.- Incremento por metro de tubería a partires de 6 m.

	3" (90mm)	2 1/2" (75mm)	2" (63mm)	1 1/2" ou 1 1/4"	1" (32mm)	3/4" (25mm)
4" (100mm)						
36,16 €	13,24 €	10,09 €	4,81 €	3,40 €	3,13 €	2,64 €

Táboa b.- Subministro, instalación e precintado do primeiro contador		
Diámetro do contador	Importe	
	Contadores ordinarios Vol.	Contadores de Bidas WOLTMANN (Contra Incendios)
13 mm.	41,60 €	-
15 mm.	41,60 €	-
20 mm.	63,41 €	-
25 mm.	139,44 €	-
30 mm.	209,42 €	-
40 mm.	247,01 €	-
50 mm.	279,79 €	389,76 €
65 mm.	-	436,50 €
80 mm.	-	493,49 €
100 mm.	-	547,69 €
150 mm.	-	886,64 €
200 mm.	-	1.229,18 €

H) Mantemento do punto de subministración, que comprende a reparación, mantemento e substitución, tanto do contador instalado como do tramo da acometida que discorre polo dominio público, ata o límite da finca a fornecer, a que se refire o artigo 26 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros: 1,23 €/trimestre.

I) Levantamento de contador para a súa verificación efectuada a instancia do obrigado ao pago da tarifa, no suposto contemplado no artigo 43.2 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

Diámetro do contador	Importe (€)
----------------------	-------------





CONCELLO DE
OLEIROS

13 mm.	95,50
15 mm.	95,50
20 mm.	100,00
25 mm.	101,13
30 mm.	102,25
40 mm. ou máis	104,50

J) Manobra sobre a rede de subministración a que se refire o artigo 15 do Regulamento do subministro de auga potable do Concello de Oleiros: 22,50 €/manobra.

K) Inspección de instalacións auxiliares: 42,38 €.

Esta tarifa é compatible coa tarifa regulada no apartado J). “

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RDlex. 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, éstas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 13.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Regulamento da subministración domiciliaria de auga do Concello de Oleiros

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que o Regulamento de Subministración domiciliaria de auga, aprobado inicialmente por acordo plenario de 24 de novembro de 2016, foi modificado a posteriori tamén por acordo do pleno de 13 de outubro de 2022.

A modificación proposta deste Regulamento, ven motivada como se indica no texto da proposta como consecuencia da modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 que se remata de aprobar, coa fin de adaptala ás modificacións legais que tiveron lugar despois da súa aprobación, ou para mellora de procedementos ou recursos, debido ós problemas xurdidos coa regulación actual.

Esta iniciativa de modificación regulamentaria realízase conforme ós principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficacia. Ademais, pártese de contar unha regulación imprescindible e proporcionada para atender ás necesidades a cubrir, partindo por suposto da lexislación aplicable.

Concretando as modificacións que se propoñen no texto regulamentario, débese salientar unha explicación breve do proposta a modificar:

- No art. 29, de acometidas para servizos contraincendios, contratación de tomas; a nova Ordenanza Fiscal recolle unha tarifa específica para as tomas de incendios dos particulares que se aplicará a partires da súa





entrada en vigor. Pasarase a cobrar unha cota de dispoñibilidade trimestral e o consumo no caso de que se produza, estando suxeita ás mesmas condicións que o resto de contratos.

- No art. 35, de características e requisitos técnicos dos contadores; elimínase deste artigo a obriga de usar o tipo de contador “volumétrico” despois de que algunhas unidades instaladas deixasen de medir consumos por problemas de atasco das engranaxes. Agora mesmo, estanse a instalar contadores dunha calidade de medida superior Cociente “R” de 250.
- No art. 47, de renovación periódica do contador; amplíase o prazo para a substitución dos contadores de 10 a 12 anos, adaptándose á normativa vixente; aínda que se obriga á substitución ós máis de 12 anos.
- No art. 61, tipos de subministración; adáptase á nova estrutura das tarifas da Ordenanza Fiscal que se remata de aprobar, engadíndose de xeito separado a subministración para as obras e para as tomas de incendios.
- No art. 62, de duración do contrato; engádese un mecanismo para poder transformar os contratos de “obra” en contratos de “vivenda”, facilitando que se poida realizar de oficio, converténdoo así en indefinidos.
- No art. 70, determinación dos consumos a facturar; elimínase o “mínimo a facturar” e establécese a cota de dispoñibilidade, no segundo punto do artigo.
- No art. 71, de reducións por avarías fortuitas; elimínase do texto regulamentario o xeito de reducir o importe da factura no caso de avarías par o seu desenvolvemento na Ordenanza Fiscal.
- En canto ó art. 80, das infraccións; engádense algúns supostos de infraccións que non se reflexaron na redacción orixinal do Regulamento que se observaron neste período de aplicación da norma.

No mesmo artigo, en canto ás infraccións graves, se engade o emprego por parte de persoas ou empresas non autorizadas das bocas de rega e das tomas de incendios situadas nas rúas e realizar consumos carecendo de contrato de subministración, aínda que estes quedan rexistrados no contador, sen coñecemento previo da entidade subministradora.

Tamén, nas infraccións moi graves, as derivacións de caudal de calquera tipo antes do equipo de medida e conectarse directamente ó servizo sen contador, independentemente da existencia ou non de contrata e subministro.

En base a todo isto, propónse a aprobación inicial do Regulamento de subministración domiciliar de auga do Concello de Oleiros e a súa exposición pública, polo prazo de 30 días, a efectos de presentación de alegacións.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que en canto á ordenanza que se remata de aprobar quería facer unha pequena matización, a maioría da veciñanza do municipio teñen un consumo rexistrado De menos de 27 m3/trimestre, ou da medida que vai haber agora de menos de 18 m3/trimestre, porque entende que é un matiz importante a este respecto.

Contéstalle a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que o dato que remata de dar o alcalde do 44% refírese ós 18 m3/trimestre.





CONCELLO DE OLEIROS

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que gustaríalle facer un pequena pregunta, dado que no relatorio de infraccións moi graves existe a de calquera acción na rede de subministración que poida supoñer un risco de contaminación da auga, coa que está completamente de acordo, pero que pasa coa cantidade de quilómetros de tubaxe de amianto existentes ó longo do municipio que rompen a diario e cada vez que isto sucede, estase a producir un contaminante por parte de AQUAOLEIROS da que o goberno municipal forma parte da dirección e da xunta xeral ¿Como se ten pensado resolver isto? Porque tamén poderíase considerar unha infracción moi grave isto, por non falar que falla a primeira vez que se vexa traballar ós empregados de AQUAOLEIROS con medidas de protección para manipular o amianto, o que infrinxe de xeito claro a normativa e os responsables civís desas actuacións son os membros da xunta xeral e o consello de administración, conformado por membros do goberno municipal e tamén ante unha denuncia por contaminación de amianto por parte dos empregos.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Antecedentes

O Regulamento da subministración domiciliar de auga do Concello aprobado inicialmente por acordo plenario de 24 de novembro de 2016 foi publicado no BOP nº 31 do 17 de febreiro de 2017, posteriormente foi modificado por acordo plenario de 13 de outubro de 2022.

O día 15 de outubro recibíuse na Secretaría proposta de modificación do Regulamento do servizo de abastecemento de auga asinada polo Xerente da empresa “AQUAOLEIROS, S.A”, Francisco Fuentes e o coordinador de servizos municipais, Ramón Martín Palma para a emisión de informe e a súa incorporación a orde do día do pleno municipal

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).

Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

MOTIVACION

A modificación do regulamento ven motivada como se indica no texto da proposta, como consecuencia da modificación da Ordenanza fiscal nº 15, para adaptala as modificacións legais que tiveron lugar despois da súa aprobación ou para mellorar procedementos ou recursos debido aos problemas xurdidos coa regulación actual.

Resulta oportuno establecer unha ordenación clara na materia partindo dos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.





CONCELLO DE OLEIROS

Esta iniciativa de modificación regulamentaria é conforme cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficacia. Asemade pártese de conter unha regulación imprescindible e proporcionada para atender as necesidades a cubrir, partindo da lexislación aplicable.

OS ARTIGOS PARA OS QUE SE PROPÓN A MODIFICACIÓN SON OS SEGUINTE:

- Artigo 29, Acometidas para os servizos contraincendios
- Artigo 35, Características e requisitos técnicos dos contadores
- Artigo 47 Renovación periódica do contador
- Artigo 61 Tipos de subministración
- Artigo 62 Duración do contrato
- Artigo 70 Determinación dos consumos a facturar
- Artigo 71 Redución de avarías fortuítas
- Artigo 80 Infraccións

PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO E ENTRADA EN VIGOR

Planificación normativa (132 LPACAP): Os Concellos, con carácter anual, teñen agora o deber legal de realizar un “*Plan normativo*” que conteña as iniciativas regulamentarias que vaian a ser aprobadas no ano seguinte. Este Plan, unha vez aprobado, publicarase obrigatoriamente no Portal de Transparencia do Concello.

Para o ano 2024 non consta aprobación de plan normativo.

Consulta pública previa sobre a necesidade ou conveniencia da aprobación da norma (133 LPACAP): Será previa á elaboración da norma e articularase a través do portal web do Concello. Do que se trata é de conseguir a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativos potencialmente afectados pola futura norma sobre:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

Só poderán prescindir deste trámite cando:

- Se trate de normas orzamentarias ou organizativas do propio Concello.
- Concorran razóns graves de interese público que así o xustifiquen.
- Non teñan un impacto significativo na actividade económica.
- Non impoñan obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

No presente expediente obxecto de aprobación non se considera necesario este trámite dado que se trata dunha modificación dunha regulación xa existente.

O informe de secretaría é preceptivo de conformidade con disposto no artigo 3.3d)1º.

Ditame da Comisión Informativa correspondente [artigos. 20.1.c) LRBRL, 82.2º, 123 e 126 ROFEL].

Aprobación inicial polo Pleno da Corporación (49.a LRBRL).

I. Órgano competente..... Pleno do Concello.

II. Quórum..... Maioría simple de votos (artigos 47.1 e 123.2 LRBRL; 82 RO)

Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións (49.b LRBRL) e levarase a cabo mediante:

Publicación dun “*extracto*” de dita aprobación inicial polo Pleno en:

- Boletín Oficial da Provincia correspondente (artigos 83 LPACAP e 17.2 TRLHL)
- Taboleiro de anuncios do Concello (físico ou en sede electrónica), segundo artigo 17.1 TRLHL





CONCELLO DE OLEIROS

- Caso de Ordenanzas fiscais, e tratándose de municipios con poboación superior a 10.000 habitantes, publicarán ademais nun diario dos de maior difusión da provincia

Esta fase é imprescindible posto que a audiencia ao interesado é a expresión do seu dereito de participación e defensa (art. 105.c da CE). Lembrando ademais que no caso das normas urbanísticas trátase dun trámite “esencial”.

Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, rexeitando ou incorporando ao texto definitivo as suxestións ou reclamacións aceptadas, e **aprobación definitiva polo Pleno** previo Ditame da Comisión Informativa correspondente.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión, recomenda que se certifique pola Secretaría dito resultado, e **entenderase definitivamente adoptado o acordo** ata entón provisional (art. 49.c LRRL).

Aprobada definitivamente a modificación do regulamento **publicaranse integramente no Boletín Oficial da provincia** correspondente e non **entrará en vigor** ata que teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2, salvo os presupostos e as ordenanzas fiscais que se publicarán e entrarán en vigor nos termos do TRLHL (artigos 70.2 LRRL e 131 LPACAP).

Por un lado a publicación íntegra do seu texto no BOP e, polo outro, o transcurso do prazo de 15 días a contar desde a recepción da copia da norma pola Administración do Estado e da Comunidade Autónoma correspondente (prazo sinalado para que poidan solicitar elas a anulación da norma)."

Previo ditame da comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria”, procede adoptar os acordos seguintes:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de subministración domiciliar de auga do Concello de Oleiros.

Segundo.- Someter o expediente de modificación do nomeado regulamento, a información pública polo prazo de trinta (30) días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, o texto da modificación do Regulamento estará a disposición dos interesados na “sede electrónica” da web municipal.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de modificación do mencionado Regulamento, sen necesidade de acordo expreso."

Punto 14.- Aprobación inicial, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Oleiros

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que a Relación de Postos de Traballo do concello aprobouse definitivamente no pleno de 29 de decembro de 2018, aínda que a posteriori realizáronse diferentes modificacións polo pleno da corporación, en sesións de 30 de xaneiro de 2020; 28 de xaneiro de 2021; 10 de novembro de 2022 e 23 de decembro de 2022.

Resulta necesario salientar que tanto no período previo a súa aprobación coma con posterioridade ás modificacións producidas no seu día houbo cambios substanciais que obrigan a unha actualización máis a fondo no que atinxe ós organigramas, como ás tarefas de valoracións dalgúns postos e á creación de novos para cubrir necesidades xurdidas neste período tanto de carácter legal coma organizativo, ademais de detectarse diversos erros, que hai que emendar. Produto desta análise, por Decreto da Alcaldía adxudicáronse os traballos de elaboración do plan de mellora organizativa e modificación da relación de postos de traballo á empresa “Estrategia y Organización SA” quen elaborou





un informe de mellora organizativa da entidade, efectuando unha proposta de modificación da RPT en vigor, revisando as valoracións dos postos afectados e actualizando as fichas correspondentes de acordo co manual aprobado no seu día, así como instaurando accións que conlevar a mellora organizativa do concello.

O 14 de outubro deste ano, preséntase proposta de acordo ás centrais sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación conxunta para persoal laboral e funcionario, previa convocatoria e coas que se chega a un acordo.

Esta proposta consiste na adopción de medidas de ordenación dos recursos humanos do concello e na proposta de modificación da RPT para o exercicio vindeiro de 2025.

En canto á adopción de medidas de ordenación dos recursos humanos, prevese a implantación dun plan de funcionarización, porque precísase homoxeneizar o réxime xurídico do persoal para levar a cabo unha xestión coherente, dado que as disfuncións entre persoal funcionario e laboral reclaman medidas de harmonización.

Un dos obxectivos principais consistirá en incrementar a estabilidade do persoal laboral, que despois da aprobación da RPT, como pedra angular da ordenación dos recursos humanos, poderá acceder a procesos de funcionarización ó existir dentro do cadro de persoal dúas realidades diferentes; por unha banda postos que realizan funcións reservadas a persoal funcionario e, pola outra, persoal de servizos mesturado entre persoal laboral e funcionario que xera certas disfuncións. Este plan de funcionarización par o concello deberá abordarse en dúas fases.

A primeira, que recollerá os postos que realizan funcións reservadas ó persoal funcionario e a segunda fase, que recollerá ó persoal de servizos mesturado entre persoal laboral e funcionario.

En canto ós criterios de asignación do complemento de produtividade, proponse establecer uns criterios de baremo de asignación deste complemento que engada criterios obxectivos para a súa asignación por necesidades organizativas, sen ter un carácter continuo nin lineal e base a compensar acumulación de funcións, desempeño de postos de superior categoría ou por traballos extraordinarios.

Ó mesmo tempo, esta proposta de modificación da RPT prevé un plan de carreira profesional en sentido vertical, debido á evolución das ferramentas e mecanismos de traballo nos últimos anos, xusto coa introdución da administración electrónica e a obriga do uso de novas aplicacións informáticas e asignación de tarefas fixo necesario unha reconfiguración dos postos reservados a persoal administrativo e de oficios, aumentando a capacitación profesional dos empregados públicos e declarando a extinguir a categorías como auxiliar administrativo ou operario de servizos. Este é o camiño a seguir desde as administracións locais fomentando a capacidade profesional que debe artellar un plan global de promoción interna nas categorías AP e C2 para adecuar os postos de traballo e responsabilidades que lles vinculan.

Para rematar, en canto á proposta de modificación da RPT que afecta directamente ó vindeiro exercicio de 2025, concrétese en que se produciron cambios substanciais que obrigan a unha actualización máis fonda da RPT tanto no que ós organigramas se refire coma ás tarefas e valoracións dalgúns postos de traballo e á creación de novos postos para cubrir necesidades xurdidas neste período tanto de carácter legal coma político, ademais de detectarse diversos erros que se deben emendar.





CONCELLO DE
OLEIROS

Entrando no concreto dos cambios salientables, débese sinalar que na área de seguridade cidadá, increméntase o complemento de destino e o específico das categorías de policía local e oficial, co obxecto de equilibrar os soldos ós dos outros concellos da comarca con características similares; nos postos de coordinador de emerxencias e de benestar social, auméntase o complemento de específico para equiparalos ó resto de xefes de servizo, no caso específico do coordinador de emerxencias, tamén se lle sube o complemento de destino: no servizo de persoal e recursos humanos, súbese un nivel no complemento de destino á xefa do servizo, creándose tamén un posto de técnico ou técnica media, debido a necesidades organizativas en tanto que este servizo non conta máis que con un posto de carácter técnico; no servizo de tecnoloxías da información, increméntase o complemento específico do xefe do servizo e dos enxeñeiros técnicos.

No que atinxe a cambios na área económica-financeira, en canto ó posto de xefe de recadación, tendo en conta que está próximo a xubilarse e ó ser na actualidade unha praza do subgrupo C1, pasa a ser un técnico A2; na área de economía e facenda, por temas organizativos, reasígnase un posto de administrativo desde a unidade de recadación e tesourería á unidade de contabilidade e fiscalización e, a súa vez, un posto de auxiliar administrativo desde a unidade de contabilidade e fiscalización á unidade de recadación e tesourería.

Na área de contratación créase un posto de técnica ou técnico de contratación, un A1, por ser necesario na área e posiblemente e debido á urxencia para cubrila, sairá das aspirantes que non acadaron praza na derradeira convocatoria levada a efecto de técnico de admón. xeral do área de urbanismo; na área de urbanismo, reasígnase un posto de administrativo ó departamento de servizos municipais e no servizo de información turística, o posto de técnico ou técnica de turismo, pasa de persoal laboral fixo, subgrupoC1 a persoal funcionario, subgrupo A2.

Esta proposta ademais engade unha de actualización de complementos retributivos “post” Lei 20/2021 e de aí que para este ano 2025 propónse a actualización das valoracións dos complementos de destino froito dos procesos de estabilización, afectando ós seguintes postos de traballo e velando polo principio de igualdade e proporcionalidade para equiparalos ós postos coa mesma categoría, serán obxecto de incremento os postos de orientador laboral; educador familiar; traballador social e normalizadora lingüística e xa para o ano 2026, propónse a actualización das valoracións dos complemento específico para os postos de normalizadora lingüística e orientador laboral.

Propónse unha corrección de puntos na publicación da praza de animadora cultural e unha proposta de modificación dos complementos de destino segundo as prazas e de acordo ó RDL 6/2023:

- Grupo A1 = entre o nivel 24 e 30.
- Grupo A2 = entre o nivel 20 e 26.
- Grupo B = entre o nivel 18 e 24.
- Grupo C1 = entre o nivel 16 e 22.
- Grupo C2 = entre o nivel 14 e 18.
- Grupo AP = entre o nivel 7 e 14.





CONCELLO DE
OLEIROS

Finalmente, froito da normativa antedita propónse as actualizacións no Complemento de Destino ó nivel 24 para as prazas de arquivista; psicóloga, educador familiar, orientador profesional, técnico de inserción laboral, axente de emprego, pedagogo, técnico de museo e técnico de xestión deportiva.

Por todo isto, propónse a aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oleiros en base ó exposto, ordenando unha exposición pública, por 20 días, a efectos de presentación de posibles alegacións.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que por unha banda parécelles moi ben que por fin se tiveran en conta algunha das reivindicacións que o seu grupo leva presentando ó goberno municipal, por exemplo para a policía local ou para o servizo de emerxencias pero, por outra banda, non teñen constancia a nivel de información dalgún dos postos dos que se rematan agora de falar como a de educador social e demais.

Por outra banda, en canto á modificación dos niveis do complemento de destino, non teñen ningún problema dado que na comisión informativa xa lles informaron que estes cambios non van implicar ningunha modificación na titulación do persoal neste intre contratado e en canto ós demais cambios non teñen constancia dado que, insiste, non lles consta ter recibido esa documentación...

Pola voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinálalle á voceira do grupo “Popular” que hai que vir ó concello a ver os expedientes, porque a documentación que se remite de cada punto é a proposta xunto cos informes que a avalan.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que sempre supuxo que as comisións informativas eran precisamente para isto, para informar; en canto ó expediente que se está a tratar, dicir que estes traballos de modificación da Relación de Postos de Traballo encargouse a unha empresa externa por Decreto da Alcaldía, pouco se lles informou, nin tiveron ocasión de debater sobre o asunto.

As modificacións propostas presentáronse ás centrais sindicais que compoñen a mesa de negociación, por suposto, pero hai un dato curioso que só son dúas as centrais sindicais no concello, CCOO e Oleiros Sindical, polo que chama un pouco a atención. Engade que a proposta segundo se lles explicou na comisión informativa, ou segundo entendeu ela, era para dar cumprimento ós cambios legislativos en materia de persoal, como o complemento de produtividade ou a carreira profesional e celebran tamén que se vaia contratar un técnico de contratación, que viñan reclamando desde hai tempo por entender que é imprescindible e que se melloren as condicións da policía local igualándollas ós concellos da comarca, espera que esta medida poida evitar que se segan a marchar a outros concellos.

Dito isto, tamén quere poñer de manifesto que concordando con esta cuestións cre que aínda quedan profesionais en precario no cadro de persoal, sen ter asegurada a súa praza e, polo tanto, a súa continuidade no seu posto de traballo o que sen dúbida, réstalle independencia e liberdade á hora de desenvolvelo.

Tamén, pensan que esta mellora da RPT poderíase aproveitar para reducir o número de asesores do goberno para aforrar e de paso non subir tanto as taxas municipais.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que tampouco tiña coñecemento polo miúdo da totalidade das modificacións, pero está consensuada coa parte social na mesa xeral de negociación, máis teñen tamén algunha cuestión a poñer enriba da mesa ¿Por que tarda tanto en actualizarse a RPT?; ¿Cren necesario a contratación dunha empresa externa para realizar eses traballos?; ¿Cantas interinidades existen no concello e se tense previsto a súa regularización?.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que no respecto do preguntado sobre as interinidades, o proceso de estabilización rematou e en canto ós compoñentes da mesa xeral de negociación, convócase ós sindicatos que teñen representación no concello e á contratación da empresa para realizar estes traballos, foi a mesma que fixo a anterior e moito máis ampla modificación da RPT e de aí que por coñecemento da mesma se lle contratara de novo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A RPT do Concello de Oleiros aprobouse definitivamente polo Pleno o 29 de novembro de 2018 publicándose no Boletín Oficial da provincia (BOP) da Coruña núm. 238, de 14 de decembro de 2018. Posteriormente realizáronse distintas modificacións polo Pleno na sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2020 (BOP nº 25, do 6 de febreiro de 2020), na ordinaria do 28 de xaneiro de 2021 (BOP nº 24, do 5 de febreiro de 2021), na extraordinaria do 10 de novembro de 2022 (BOP nº 228, do 1 de decembro), e na extraordinaria do 23 de decembro de 2022 (BOP nº 24, do 3 de febreiro).

Resulta necesario resaltar que tanto no período previo á súa aprobación como con posterioridade ás modificacións producidas no seu día producíronse cambios substanciais que obrigan a unha actualización máis a fondo da mesma tanto no que aos organigramas se refire, como ás tarefas e valoracións dalgúns postos e a á creación de novos postos para cubrir necesidades xurdidas neste período tanto de carácter legal como organizativo, ademais de detectarse diversos erros que hai que emendar.

Mediante decreto da Alcaldía número 2024002479, do 14 de maio de 2024, se adxudica á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A., o contrato menor de Servizos para a “Elaboración do plan de Mellora organizativa do Concello de Oleiros, e modificación, no seu caso, da relación de postos de traballo”, empresa que foi a que redactou a RPT actual do Concello, segundo decreto da Alcaldía número 3.022/2016 de 02/08/2016.

A empresa citada elabora, segundo o obxecto do contrato, un informe de mellora organizativa da entidade, efectuando unha proposta puntual de modificación da RPT en vigor, revisando as valoracións dos postos afectados e actualizando as fichas correspondentes de acordo co manual aprobado no seu día.

O día 04/10/2024 preséntase a dita proposta integramente ás centrais sindicais con representación na Mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario do Concello de Oleiros previa convocatoria desta, sen discrepancias.

Por conseguinte, e á vista do anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello que se proceda á toma do seguinte acordo, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de bases do réxime local, por maioría simple:





CONCELLO DE OLEIROS

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da RPT do Concello de Oleiros, de conformidade co texto que se integra no expediente administrativo que inclúe as fichas e novas valoracións dos postos de traballo nos seus propios termos.

Segundo.- Ordenar a exposición ao público da referida modificación da RPT, durante o prazo de vinte días -de acordo co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións, suxestións ou alegacións ante o Pleno.

Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se plantexaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario a RPT deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas pola redactora do proxecto.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, a modificación da RPT publicarase integramente no BOP da Coruña e remitirase unha copia da mesma á Administración xeral do Estado e ao órgano competente da Comunidade autónoma, dentro do prazo de trinta días.”

Punto 15.- Aprobación, se procede, do límite de gasto non financeiro e de cumprimento da regra de gasto do Concello de Oleiros para o exercicio 2025

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que a lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que as entidades locais aprobarán anualmente un límite máximo de gasto non financeiro que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Este límite debe ser coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto definidos na sinalada lei e que para o período 2025-2027 foron fixados mediante acordo do consello de ministros de 16 de xullo deste ano e que nestes intres está pendente da súa ratificación polo Congreso dos Deputados. O dito acordo fixo un obxectivo de déficit do 0% para a administración local e no relativo á regra de gasto, fíxase no 3,2% para 2025; o 3,3% no 2026 e o 3,4% no 2027.

En base a sito, este límite de gasto non financeiro debe calcularse desde unha dobre vertente; a dos ingresos, no senso de que non se pode gastar máis que o que se prevé ingresar e na dos gastos, no senso de que o gasto non pode superar ó do ano anterior en máis dun 3,2%.

Deste xeito, pola banda de ingresos, partindo dos ingresos non financeiros previstos para 2025 e logo de realizar os axustes do Sistema Europeo de Contas, que homoxeneizan a contabilidade das entidades locais co resto das administracións de toda a Unión Europea, o límite de gasto non financeiro do orzamento xeral deste concello para o vindeiro exercicio de 2025 acada os 47.912.632,81 €; pola banda da regra de gasto, partindo do gasto computable da última liquidación aprobada, correspondente ó exercicio 2023, á que engadindo os custes de homoxeneización do Sistema Europeo de Contas, o límite de gasto para o 2025 é de 49.843.431,46 €.

Porén, o límite de gasto non financeiro para 2025 será a menor das dúas cantidades sinaladas, isto é 47.912.632,81 € e tendo en conta que os gastos non financeiros totais de orzamento para 2025 ascenden a 47.775.685 €, un 0,29% por debaixo do límite, cumpre co límite de gasto non financeiro.

Anuncia a súa abstención a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, solicitando en primeiro lugar un pequeno receso tendo en conta que son as 22 horas e que fallan aínda uns cantos asuntos e de calado para rematar, ó que lle responde negativamente o alcalde, D. **Ángel García**, que van seguir coa sesión.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, manifestando que respecto ó asunto o máis salientable é que existen 36,3 millóns de euros, que serán para o orzamento do exercicio 2025 provintes de ingresos non financeiros, que se corresponden cos ingresos de taxas e tributos que se rematan de aprobar ¿Que quere dicir isto? Que se vai cumprir a regra de gasto, un tramite formal, pero a costa do incremento da presión fiscal á veciñanza polo tanto, o que cómpre é racionalizar o gasto, en vez de asfixiar á veciñanza con novas subidas de impostos, e precisamente utilizan esta subida para cumprir coa regra de gasto permitíndolles gastar máis, pero a costa de subir os impostos á veciñanza, polo que lles parece que fan unha política francamente mellorable.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O artigo 30 da LOEPSF establece que as Corporacións Locais aprobarán, nos seus ámbitos respectivos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto (definida no artigo 12 da dita lei), que marcará el teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

En relación a estes obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cómpre sinalar que mediante acordo do Consello de Ministros de 16/07/2024, fixéronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2025-2027.

O dito acordo recolle a nova senda de obxectivos de estabilidade para o período 2025-2027, fixando un obxectivo de déficit do 0,0% para a administración local, e no relativo á regra de gasto, esta fíxase no 3,2% en 2025, o 3,3% en 2026 e o 3,4% en 2027. Estes obxectivos deben de ser ratificados polas Cortes Xerais.

Non obstante, con independencia de se estes obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gasto se atopan fixados, aos Orzamentos das Entidades Locais éelles de aplicación a normativa orzamentaria contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a súa normativa de desenvolvemento e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral e á súa liquidación.





CONCELLO DE OLEIROS

Polo tanto, para a aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2025, o devandito cálculo realízase tendo en conta os obxectivos aprobados polo Consello de Ministros de 16/07/2024, aínda que está pendente a súa ratificación polo Congreso dos Deputados.

CÁLCULO DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

Para calcula o límite de gasto non financeiros pódese partir dos ingresos non financeiros previstos e validar posteriormente o cumprimento da regra de gasto ou á inversa, é dicir, a partir do límite máximo de gasto computable e validar posteriormente a coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado.

Este límite, calculado a partir dos ingresos non financeiros previstos y aplicando a restrición da regra de gasto, permite dar cumprimento aos obxectivos establecidos de estabilidade orzamentaria e de endebedamento. Deste xeito, a obtención do límite de gasto non financeiro responde aos seguintes cálculos:

Importe	2025
Ingresos non financeiros orzamento 2025	36.311.666,38 €
Obxectivo de déficit	0%
Axustes SEC-2010 orzamento 2025	11.600.966,43 €
1. Ingresos:	
Recadación capítulos 1, 2 e 3 de ingresos	-159.750,05 €
+ Axuste por devolucion PIE 2008-2009-2020	89.236,84 €
- Devoluc. Ingresos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
2. Gastos:	
Inexecución do gasto	11.671.479,64 €
Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	47.912.632,81 €

Polo tanto, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Oleiros en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2024 é de **47.912.632,81** euros.

Por outra banda, tal e como establece o artigo 30 da LOEPSF, este límite de gasto debe de ser coherente coa regra de gasto regulada no artigo 12 da mesma lei, polo que a continuación procederáse a calcular a regra de gasto, para deste xeito determinar se afecta ou non ao límite máximo de gasto non financeiro antes sinalado.

Cálculo de la regra de gasto

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento o produto interior bruto a medio prazo da economía española.

Para poder valorar o cumprimento da regra de gasto, é necesario obter previamente o importe do gasto computable aprobado para o exercicio precedente. Aos efectos da regra de gasto, enténdese por gasto computable o gasto non financeiro, excluindo os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas.

Pártese do limite do gasto computable da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2023, engádense os créditos previstos para o pagamento dos intereses da débeda, os gastos financiados con fondos finalistas, así como os axustes SEC 2010 do orzamento de gastos:

Gasto computable liquidación exercicio 2023	30.196.964,79 €
Taxa de referencia crecemento do PIB m/p (3,2% segundo acordo do Consello de ministros de 16/07/2024 de fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, para o período 2025-2027. Acordo non ratificado aínda polo Congreso dos Deputados	966.302,87 €





CONCELLO DE
OLEIROS

(+/-) Incrementos / diminucións recadac. por cambios normativos	1.763.172,78 €
+ Alleamento de terreos e demais invest. Reais	1.954.166,14 €
+ Intereses de la débeda	95.000,00 €
+ Gastos financiados con fondos finalistas UE/AAPP	3.196.345,24 €
+ / - Axustes SEC de gastos do orzamento	11.671.479,64 €
+ Obrigas Recoñecidas derivadas de IFS	0,00 €
Gasto no financeiro calculado a partir do gasto computable da liquidación do orzamento de 2023	49.843.431,46 €

Deste xeito, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Oleiros en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2023 é de 45.288.589,99 euros, o menor dos calculados anteriormente:

Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	47.912.632,81 €
Gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto	49.843.431,46 €
Límite de gasto non financeiro para 2025	47.912.632,81 €

Polo tanto, os gastos non financeiros totais derivados do proxecto de orzamento para o 2025, nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), que ascenden a **47.775.685,00** euros euros, **cumpren co límite de gasto non financeiro.**

Gasto computable do orzamento de 2025	47.775.685,00 €
Diferencia do gasto computable do orzamento respecto do límite de gasto non financeiro	-136.947,81 €
% de incremento/diminución respecto ao límite	-0,29%

Por todo o exposto, propoño ao Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, **o límite máximo de gasto non financeiro** no importe de 47.912.632,81 euros, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento do Concello de Oleiros **para 2025** nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais SEC-2010, sen prexuízo de que esta cifra poida incrementarse con outras fontes de financiamento, como pode ser o remanente de tesouraría para gastos xerais, recursos procedentes do alleamento de ben patrimoniais ou subvencións non previstas no orzamento."

Punto 16.- Aprobación inicial, se procede, do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2025, así como as bases de execución e o respectivo cadro de persoal

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que o orzamento xeral do concello para este próximo exercicio, está composto polo da propia entidade e pola empresa de capital 100% municipal, AQUAOLEIROS.

Non se inclúe o correspondente ó Consorcio As Mariñas, tal e como exige a Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, dado que segundo establecen os estatutos da entidade debe aprobarse polo pleno do devandito Consorcio previamente a súa incorporación ó do concello, o cal non se produciu ata este intre.





CONCELLO DE OLEIROS

O orzamento xeral municipal contén o estado de gastos e o estado de ingresos, incluíndose tamén as bases de execución do orzamento. En canto ó Estado de Gastos, no Capítulo 1 de gastos de persoal, ascende a 12.743.475 €, un 3,78% máis respecto do orzamento do 2024 e no que se vai aplicar un incremento estimado das retribucións dos empregados públicos do 2,5%, de acordo coas negociacións do goberno-sindicatos dentro do ámbito da Función Pública. Trátase dunha previsión que quedará supeditada á aprobación efectiva do sinalado incremento polo goberno do Estado mediante a lei de orzamentos xerais para 2025 ou norma específica que o regule.

Engádesse tamén a modificación do cadro de persoal e da RPT para a creación de diversas prazas e postos de traballo nas áreas de secretaría xeral, seguridade cidadá, servizo de emerxencias e protección civil e na área de recursos humanos. En relación á contratación de persoal laboral, con carácter temporal, vaise limitar á contratación de auxiliares de reforzo da Policía Local na tempada estival, mantendo tanto o número de efectivos coma a duración da contratación como en anos anteriores.

A cobertura de necesidades de carácter temporal como son o servizo de mantemento do medio ambiente, limpeza de praias, salvamento e socorrismo, asistencia social e información turística, prevense realizar no exercicio de 2025 mediante a contratación de funcionarios interinos e segundo o programa de que se trate.

No Capítulo 2, de gastos en bens correntes e que ascende a 15.675.740 €, increméntase un 5,6% a respecto do 2024 e derivado da prestación dos servizos seguintes, como a necesidade de licitar o servizo de mantemento de bombeos, na actualidade levada a cabo pola sociedade EDAR-BENS, mediante encargo a medio propio; ampliación do contrato de mantemento de zonas verdes, mediante a inclusión de novos parques como o do Paraíso, a Senda de San Pedro; Icaria IV e parque Rosalía Mera e a ampliación do contrato de conserxería e limpeza de centros deportivos municipais, coa incorporación xa este ano do Campo de Fútbol do Redondo, en Icaria.

O Capítulo 3, de gastos financeiros, por un importe de 151.790 €, engade os xuros de demora derivados da devolución de ingresos indebidos, así como as comisións bancarias polo cobro mediante tarxeta bancaria ou a través da sede electrónica municipal. Neste Capítulo tamén se prevé a cantidade de 95.000 € para o pagamento de intereses de préstamo previsto no orzamento de 2024, que se prevé concertar nestes meses.

No Capítulo 4, de transferencias correntes, acada a cantidade 1.547.890 €, representan as transferencias a entidades e outros organismos, o que supón un incremento o 2,12% respecto ás cantidades previstas en 2024 debido principalmente ó aumento das transferencias ás ANPAs dos centros de ensino, así como á consignación das bolsas do programa de incentivos á contratación de alumnos dos obradoiros de emprego do servizo municipal de formación.

En canto ó Capítulo 5, que representa o fondo de continxencia e outros imprevistos, consígnase a mesma cantidade de 350.000 € que en anos anteriores.

No que atinxe ó Capítulo 6, de investimentos, dótese crédito para novos investimentos que se consideran necesarios para manter o extenso patrimonio municipal, garantindo o normal funcionamento dos servizos. 17.276.900 € é a cantidade consignada neste Capítulo, representando un incremento do 17,86% en relación co orzamento anterior.





CONCELLO DE
OLEIROS

Neste intre, procede facer un relatorio dos investimentos máis salientables incorporados neste Capítulo para o vindeiro exercicio e que se concretan en melloras da accesibilidade e da seguridade viaria; de acceso a núcleos de poboación; de melloras da pavimentación en diferentes rúas e camiños municipais; de beirarrúas en diferentes rúas; na rede de sumidoiros e de pluviais; na de abastecemento de auga; melloras na eficiencia enerxética nos alumeados públicos; melloras en parques e xardíns ou investimento no patrimonio municipal.

Como en exercicios anteriores, dáse prioridade ós investimentos que favorezan o aforro no gasto corrente ou permitan a xeración directa ou indirecta de novos ingresos e a reactivación da economía local. Este Capítulo finánciase con achegas doutras administracións como a Deputación Provincial, co POS coa aportación de 1.564.145,24 €; con ingresos procedentes do alleamento de parcelas municipais e integrantes do Patrimonio Municipal do Solo; co aforro neto e tamén con 11.502.333,62 € de endebedamento, que tal e como explicou con anterioridade, preténdese minorar mediante o uso do remanente de tesourería derivado da liquidación do orzamento deste ano 2024.

En canto ó Capítulo 8, de activos financeiros, correspóndense con anticipos ó persoal con reembolso a curto prazo. Consignándose tamén os 36.000 € ó igual que nos exercicios precedentes.

O Capítulo 9, de pasivos financeiros, ascende á cantidade de 38.315 €, dotándose dun crédito neste exercicio para a amortización dos préstamos vixentes concedidos pola Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

En relación ó endebedamento, prevese que antes de fin de ano formalícese o préstamo previsto no estado de ingresos do orzamento de 2024. O mporte final do mesmo verase reducido polos ingresos obtidos polo alleamento de parcelas patrimoniais e polo destino que se lle dea ó remanente de tesourería derivado da liquidación do orzamento de 2023. En todo caso, no 2025 non se prevé existencia de amortizacións derivadas de dito préstamo, dado que se concertará cun período de carencia de 2 anos.

O mesmo acontece co endebedamento previsto para este próximo ano de 2025, que queda condicionado ó grao de execución durante 2025, á obtención de ingresos polo alleamento do Patrimonio Municipal do Solo, así como ó importe final polo que se concerte o préstamo de 2024, dado que poderá igualmente destinarse ó financiamento dos investimentos previsto no orzamento de 2025.

Finalmente, no Estado de Ingresos, as previsións agrúpanse en operacións non financeiras, Capítulos do 1 ó 7 e financeiras, recollidas nos Capítulos 8 e 9 do orzamento, ademais as primeiras divídense entre operacións correntes, Capítulos do 1 ó 5 e operacións e capital, Capítulos 6 e 7.

As operacións correntes permiten dar cobertura ós gastos correntes e xerar o aforro neto que pasa a ser fonte principal de financiamento que dentro do Sistema Europeo de Contas permite manter o obxecto de estabilidade, que se entende como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Trátase dos tributos propios do concello, que se clasifican en taxas, contribucións especiais e impostos, participación nos tributos do Estado, prezos públicos pola prestación de servizos, subvencións tanto correntes coma de capital, multas e sancións derivadas de actos de competencia propia e demais prestacións de dereito público, así como





CONCELLO DE
OLEIROS

ingresos procedentes do seu patrimonio e outros de dereito privado, todos eles destinados a financiar o gasto corrente así como parte do Capítulo de investimentos.

Entrando de cheo na súa desagregación por Capítulos, en canto ó 1, de impostos directos, ascende a 12.292.000, correspondentes ó IBI, sobre os vehículos de tracción mecánica, as pluvalías e o IAE. En termos xerais, confírmase a evolución dos ingresos durante os anos 2023 e 2024, agás no IBI e na plusvalía, no que a recadación obtida durante o 2024 está por debaixo das previsións iniciais do orzamento. Para o ano 2025 acábase de aprobar un incremento do tripo do gravame do IBI e do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, correspondéndose coa necesidade de garantir e mellorar o mantemento de tódolos servizos públicos que se apoñen a disposición da veciñanza, desde o mantemento de xardíns e parques, á limpeza viaria, pasando por unha maior dotación nos servizos sociais, culturais, deportivos e educativos, así como un reforzo na dotación de seguridade cidadá. O custo de todos estes servizos viuse incrementando moito ó longo dos derradeiros anos, polo que resulta necesario acadar un incremento dos ingresos para equilibrar o orzamento, evitando problemas financeiros futuros e asegurar os investimentos das novas necesidades que poidan xurdir co crecemento demográfico exponencial que se ven detectando nos últimos tempos, o incremento total deste Capítulo é de 1,72%, respecto ó ano anterior.

No Capítulo 2, impostos indirectos por un importe de 2.235.000 €, correspóndense cos da construción, instalación e execución de obras, que incrementa un 59,64% sobre os do exercicio anterior, derivado por unha banda co incremento da actividade urbanística que se está a producir no concello desde o 2021, e que repercute nun incremento da recadación do imposto sobre construcións e das taxas relacionadas co urbanismo e, por outras, ó incremento do tipo de gravame do imposto que permanece invariable desde 2003, así como á actualización do anexo de prezos de mercado que foron fixados no 2011. Ó igual que no Capítulo anterior, a xustificación da subida atópase na necesidade de garantir e mellorar o mantemento de todos os servizos públicos que o concello pon a disposición de toda a veciñanza, cuxos custos víronse moi incrementados nos derradeiros anos.

No Capítulo 3, de taxas, prezos públicos e outros ingresos, por unha cantidade orzamentada de 3.198.650 €, diminúe un 32,63% debido ó ingreso por cotas de urbanización que non están previstas para o ano 2025, mentres que si estaban previstas as correspondentes ó desenvolvemento do SUD-2 no ano 2024, de producirse ese desenvolvemento no exercicio de 2025 recurrirase a unha xeración de créditos.

O Capítulo 4, de transferencias correntes por un importe de 14.378.205 €, experimentan un incremento do 10,72% principalmente pola subida dos ingresos procedentes da participación dos tributos do Estado anunciado polo goberno da nación. Ademais, tense en conta o importe da liquidación da participación de 2023, que se prevé que sexa positiva. No Capítulo 5, de ingresos patrimoniais, consígnase a cantidade de 689.500 €, incrementando un 53,39% pola remuneración por parte das entidades financeiras dos saldos das contas bancarias municipais e os intereses derivados da contratación de depósitos bancarios a prazo.

Porén, os ingresos correntes acadan os 32.793.355 €, nutríndose da aportación do 37,48% de impostos directos; das transferencias correntes cun 43,84% e das taxas, prezos públicos e outros ingresos cun 9,75%.





CONCELLO DE
OLEIROS

No que atinxe ó Capítulo 6, de alleamento de investimentos reais, para este exercicio prevese uns ingresos por importe de 1.954.166,14 € correspondentes á venda de diversas parcelas tanto plurifamiliares coma unifamiliares, pertencentes ó Patrimonio Municipal do Solo.

No Capítulo 7, de transferencias de capital e que ascende a 1.564.145,24 € representan as achegas da Deputación Provincial correspondentes ó POS 2024, á achega correspondente ó 2023 coma no plan adicional de 2024, que se incrementa en 596.707,19 €, que representa un 61,68% con relación ó exercicio de 2024. Non se engade a achega da Deputación derivada do POS 2025, dado que aínda non se coñece o seu importe, así como ningunha subvención nominativa que poida percibirse para o financiamento de investimentos, por este motivo procederase a xerar crédito no orzamento logo da concesión da axuda correspondente.

Os activos financeiros, Capítulo 8, dótanse como en exercicios anteriores cunha previsión de 36.000 € para os reintegros de anticipos de pagas ó persoal, de acordo coas bases de execución do orzamento.

O Capítulo 9, de pasivos financeiros, prevese o ingreso derivado unha operación de endebedamento a longo prazo por un importe de 11.502.333,62 € para o financiamento do anexo de investimentos. A este respecto, cómpre sinalar que ó igual que en exercicios anteriores, preténdese reducir o recurso ó endebedamento mediante o uso do remanente de tesourería derivado da liquidación do orzamento de 2024, así como cos ingresos derivados do alleamento de parcelas patrimoniais pertencentes ó Patrimonio Municipal do Solo. Ademais, débese tamén ter en conta que a previsión deste Capítulo pode verse minorada polo importe da operación de préstamo que finalmente se concerte no 2024 e dos gastos que se financien co mesmo.

En definitiva, o orzamento para o vindeiro exercicio de 2025 increméntase en termos globais un 9,22% sobre o orzamento deste ano 2024 para acadar a cantidade de 47.850.000 €; os gastos en bens correntes e servizos básicos que o concello presta á veciñanza e ós investimentos en obras e infraestruturas, son os gastos máis salientables do documento, representando un 32,76% e o 36,11%, respectivamente do total do orzamento.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a M^a **Dolores Silva**, sinalando que en primeiro lugar gustaríalle resaltar que se achegue un dos asuntos de maior importancia anual como é o orzamento, como un mero tramite e antes de que remate o pleno e, incluso, con anterioridade de que se teña votado este asunto, xa figuran na páxina web municipal como que están aprobados, un exemplo máis de democracia.

Esta proposta de documento orzamentario que presenta o goberno municipal non contribúen nin axudan a abordar e resolver os principais e inaprazables problemas que sofre a veciñanza municipal, non contemplan partidas suficientes para a renovación de diferentes redes adaptándoas ás necesidades que o paulatino crecemento urbanístico provoca. Melloras na rede de saneamento, na recollida de augas pluviais ou de traída de auga potable porque, gran parte destas redes ou están deterioradas, en mal estado ou obsoletas; así como a mellora e reposición da rede de saneamento ou da ampliación da rede de alcantarillado.





CONCELLO DE
OLEIROS

Igualmente, resulta manifestamente insuficiente as partidas adicadas ó mantemento de infraestruturas públicas como parques e xardíns, 150.000 € que, como veñen observando no actual exercicio resultan escasos ó igual que son un tanto ridículas as partidas consignadas a políticas sociais, asistencia a dependentes, becas e axudas de todo tipo, especialmente as de comedor, asociacións e demais, tendo en conta a contía recadatoria deste municipio.

No que atinxe á rede viaria, deixan moito que desexar o estado no que se atopan algúns camiños e estradas, sen alumeadado ou insuficiente e de beirarrúas, ó que tamén habería que destinar máis fondos para ir mellorando a rede viaria municipal.

En materia de persoal, atópanse tamén cunha escasa plantilla de policía local, con poucos medios, mal dotada polo que habería que incrementar a partida dedicada a esta fin, todo isto coa finalidade de garantir a seguridade da veciñanza, multiplicando o número de axentes e mellorando os medios dos que dispoñen, a maiores do acordo acadado neste aspecto no pleno de hoxe e algo similar para o persoal do servizo de emerxencias.

Parécelles un disparate o incremento das taxas municipais, baseado nun 2% dos salarios ó persoal sobre todo, tendo en conta o superávit do que dispón o concello do que tanto presumen. Por outra banda, consideran totalmente innecesario que a partida máis importante do capítulo de investimento vaia á construción do multiusos, co engadido do sobrecusto que supuxo un erro de contratación, consideran que parte desa partida se destinase á cubrición da pista de patinaxe, facéndoa máis operativa e utilizable ó longo de todo o ano, por poñer un exemplo.

Consideran tamén inxustificable a inxente cantidade de cartos que dedica o goberno municipal á partida orzamentaria de publicidade e propaganda, utilizando en exclusiva a radio municipal e os paneis luminosos, a publicación “Vivir en Oleiros” e as redes sociais do concello, usada incluso nalgunha ocasión para criticar a algunha asociación ou veciño.

Por último, denuncian o pouco prazo e a posta a disposición dos expedientes a tratar neste pleno ós grupos políticos da oposición, un exemplo máis son estes orzamentos que se remiten poucos días antes, pensaron que non ía ser así, antes da comisión, a semán anterior a este pleno e para que se aproben en prazo tanto o orzamento coma a modificación de taxas e impostos por ir xustos de tempo para que poidan entrar en vigor a 1 de xaneiro.

Por todo isto, o seu grupo presentou unha emenda á totalidade solicitando a retirada do asunto da orde do día e que nun breve prazo de tempo se achegasen de novo para podelos estudar máis polo miúdo e presentar unha nova proposta na que se recollese algunha das demandas ou suxestións dos demais grupos políticos.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que en primeiro lugar quería poñer de manifesto o que antes aludiu e que se corresponde coa folla onde figura o anexo de beneficios fiscais nos tributos locais, sacada do orzamento do 2025, onde figura a bonificación a Autoestradas do Atlántico por case 69.000 € e que no caso das vivendas de protección oficial, o importe total que sería deducido é de 0 euros, máis que nada si se trata dun erro conviría subsanalo.

Tamén figura un erro, porque por un lado fálase nas subvencións nominativas, en concreto a aprobada ó Xuventude de Dorneda, para a organización do torneo de fútbol municipal do verán, porque por unha banda se lle outorgan uns





CONCELLO DE
OLEIROS

14.000 € e por outra banda, se lle sinala no mesmo acordo que serán subvencionables ata un máximo de 1.500 €, polo que a diferenza é salientable, polo que convida ó goberno municipal que o comproben.

A respecto do documento orzamentario, ten que lles dicir que a proposta chega tarde e seguramente alegarán que con maior anterioridade a outros concellos, porque é moi recorrente, pero esquecerán dicir que nos outros concellos non contan con maioría absoluta, polo que deberán negocialo.

Porén o que para este goberno municipal representa un simple tramite e, incluso, o anuncia con anterioridade a que sexa aprobado de xeito formal como ben dixo a voceira do PP, outros concellos como dixo antes débeno negociar, co que os acordos habitualmente alónganse.

Xa aconteceu igual no ano 2023 a respecto do orzamento de 2024, polo que rogan que de cara ó ano 2025 fágano doutro xeito e, ademais, como dixo antes chegan tarde porque así o sinala o interventor municipal no seu informe no que di “incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do citado documento orzamentario, que debía ser elevado ó pleno municipal para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro, segundo o disposto na lei de bases”, por iso exemplo de dilixencia e boa practica contando con maioría absoluta, como que non se cumpre e xa como se está fóra de prazo, volve repetirse o do ano pasado, dado que se supera o prazo legalmente establecido ¿Por que non se espera a incorporar o orzamento do Consorcio As Mariñas? Unha vez aprobado polo órgano competente desa entidade, como sería preceptivo para que o documento orzamentario estea completo e máis aínda, tendo en conta as máis que probables subidas que ven anunciando o alcalde en determinadas prestacións de servizos por parte do nomeado Consorcio.

Pero máis alá de aspectos formais, este documento carece de ambición e peca dun abuso de formigón porque cando os proxectos esgótanse, florecen os farois, os asfaltados e neste caos, o formigón pero non espallado por todo o municipio, senón nun punto no que todos e todas coñecen. Non hai ilusión, nin proxecto, nin rumbo, nin visión de futuro, este documento medra e para xustificar o gasto alégase que é para un mellor prestación dos servizos, cando a realidade é que o pozo sen fondo no que van enterrar os cartos que sacan á veciñanza, vía aumento de taxas e tributos, saben cal é e onde se atopa.

Débese lembrar os antecedentes económicos cos que se chegaron a estas contas, porque para ver onde se está hai que coñecer a traxectoria e a deste goberno municipal nestes últimos tempos pode resumirse por ineficiencia, mal gasto e un esforzo reiterado na manipulación da realidade que se fai a través da compra en espazos e medios de comunicación, como todos eses programas ós que aparece semanalmente o alcalde a lanzar a súa homilía, habitualmente criticando a todo o mundo e sen posibilidade de réplica, nin que haxa unha entrevista na que o locutor pregúntelle temas que están previamente pactados, polo que son de todo menos informativos.

Subiron as taxas en setembro de 2019, tamén en setembro de 2023 e agora no 2024, xusto despois das eleccións municipais, sempre faino porque séntese moi forte tras pasar o proceso electoral, o que non deixar de ser máis que unha burla e un fraude á cidadanía, as actualizacións hai que facelas en todo caso respecto ó gasto pero, primeiro, o que hai é que reduciro e en Oleiros é a consecuencia da mala xestión e de gasto innecesario estas subidas.





CONCELLO DE OLEIROS

Hai que lembrar que este concello no ano 2023 perdeu subvencións por importe de 2,6 millóns de euros na Senda de Iñás a Nós e no Mercado de Perillo por ter un cero en calidade en canto á proposta presentada, erro que segue sen asumir ninguén, comenzo o 2024 cun tribunal que lle anulou a adxudicación do contrato de limpeza viaria, de nada menos que de 4,5 millóns de euros por eivas graves na adxudicación e falla de transparencia e así viñan enfadados ó pleno, porque recibiron a comunicación o mesmo día da sesión plenaria, seguen no 2024 agora cun sobrecusto na obra do multiusos por un problema de auga que xa coñecían e volve dirixirse ó concelleiro de infraestruturas, que aínda non dimitiu, si se suma todo serían 4,6 millóns de euros en erros da súa área.

Falando de auga, boa parte da rede de auga do concello é de fibrocemento polo tanto con material que ten amianto e que ten decenas de anos, é dicir, é canceríxeno e cada rotura supón a entrada na rede de contaminantes que beben todos e todas e non é unha prioridade deste goberno renova-la porque non se ve e non dá votos, prefiren malgastar 14 millóns de euros xa saben onde porque é o capricho do alcalde e a veciñanza é a que paga a factura da festa.

Débese lembrar que no ano 2023 subiron varias taxas e hoxe achegan unha subida tremenda para o ano 2025 e mentres tanto o alcalde segue a pasearse nun BMW oficial e lle sube o imposto ós vehículos da veciñanza, un despilfarro de 40.000 €/ano entre condutor e gastos do vehículo, uns 600.000 € nos 15 anos de vida do vehículo.

A subida de impostos tamén van para pagar as dedicacións exclusivas dos 13 concelleiros e dos 7 asesores contratados a dedo, outros 800.000 €/ano; 2 € de cada 100 do orzamento son para pagarlles ós membros do goberno municipal, ningún concello de tamaño similar ten tal número de dedicacións exclusivas de políticos que veñen ó pleno como convidados de pedra.

Os pagos dos contratos máis cuantiosos no 2024, limpeza viaria e parques e xardíns, tiveron reparos da intervención municipal por non estar acordes á lei e chegaron a estes orzamentos tamén vendo como lle negaron unha beca comedor a 350 familias de clase media, pero non teñen ningún rubor en poñerse detrás da pancarta e pedirlle á Xunta de Galicia máis medios para inclusión e ensino, o mesmo que o goberno municipal nega.

Analizando o documento orzamentario, atopan partidas moi curiosas por exemplo, 2.000 míseros euros para comercios e feiras; sen embargo, publicidade e propaganda, 2.000 €; publicidade, 4.000 €; gastos xurídicos, dúas partidas de 90.000 e 30.000 €, resulta moi barato pleitear contra os veciños e veciñas de Oleiros, como pasou coas contribucións especiais da veciñanza de Mera cos cartos de todos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que unhas das eivas que detectaron no documento orzamentario para o 2025 volve ser o proceso encamiñado para a súa elaboración en canto á información á cidadanía e ó tecido asociativo, na información ós distintos representantes políticos elixidos polo pobo oleirense, na participación popular, na apertura dun procedemento participativo onde a colectividade poida defender e propoñer as súas necesidades.

Os grupos políticos municipais recibiron a proposta de orzamento 8 días antes da celebración deste pleno, difícil por non dicir imposible que o BNG poida realizar unha análise polo miúdo do documento orzamentario por non dispoñer





CONCELLO DE
OLEIROS

dos medios técnicos e humanos dos que dispón o goberno municipal para a elaboración do documento. Tamén, descoñecen como se fixo a información das liñas básicas do orzamento que o alcalde expón ás asociacións culturais, deportivas, educativas ou veciñais, descoñecen como se realiza a convocatoria, se son ás existentes ou ás que decide o goberno municipal, como tampouco se sabe cales foron as achegas ou solicitudes realizadas por estes colectivos, para o BNG é fundamental que tanto as entidades veciñais coma a propia veciñanza poidan ser convidadas a participar na elaboración do orzamento municipal, de feito, parécelles tamén que é necesario regulamentalo, creando mecanismos claros, iguais e transparentes para achegar ideas e propostas e que sexan respondidas en tempo e forma, establecendo prazos temporais e atendendo a todas as posibles; en definitiva, o orzamento municipal debe partir dun proceso realmente participativo.

Alén do marco orzamentario, non existe plasmación, explicación ou contextualización socio-económica abonda, individualizada para o concello, escasea a información á cidadanía, a pedagogía orzamentaria para co pobo, entendendo logo que o nivel de transparencia é moi mellorable. Seguindo con esta pedagogía o concello debería explicar como unha gran cantidade de recursos orzamentarios municipais, de carácter social que poderían ser adicados a atender múltiples carencias que nestes eidos sociais existen, son destinados a atender competencias da Xunta de Galicia como o SAF, centros de día, escolas infantís, comedores escolares, violencia machista, protección ás vítimas de violencia, ciclo da auga, etc.

Ó BNG parécelle que o documento orzamentario proposto é continuista no positivo, continuar no que se fai ben, máis tamén no que non se fai tan ben ou no que, directamente non se fai e tamén, falto dunha planificación a longo prazo, teñen a preocupación de que se afonde no modelo económico de sempre, a construción, e encomendándose o futuro a este sector, así se constata na recadación dos máis de 12 millóns de euros no IBI que proveñen tamén do hoxe aprobado neste pleno; a totalidade dos ingresos por impostos indirectos corresponden ó imposto sobre a construción incrementándose nun 59,64% sobre o ano anterior; dentro das taxas e prezos públicos tamén atópase co pastel urbanístico en varios eidos.

Neste ano a venda de solo público orzaméntase cuns 1,9 millóns de euros, fica clara a importancia do urbanismo unha vez máis; nas previsións de ingresos non semella que existan alternativas para un desenvolvemento futuro máis sustentábel, diversificado e menos condicionado a este sector e o que conleva, máis urbanizacións, centros comerciais con servizos privados, macro urbanizacións, gasolineiras, tanatorio, etc, consideran que non é o mellor para o futuro para este concello. A presión fiscal medra, circunstancia ata o punto normal porque todo sobe, os impostos non poden ficar atrás se queremos elevar o gasto social, porque vender máis gasto social ou infraestruturas con menos impostos é unha falacia, aínda que a cuestión fundamental é como se reparte esa recadación de impostos.

Destacar tamén que máis do 80% dos ingresos derivados de transferencias correntes veñen procedentes do Estado e pouco máis dun 14% da Xunta de Galicia, sabendo ademais da derivación de moitas competencias da propia Xunta ós concellos. Nos ingresos financeiros, debe poñerse de manifesto o endebedamento de máis de 11 millóns de euros dos que gran parte irán destinados á construción do multiusos; o 66% aproximadamente dos gastos do Capítulo 6, de





investimentos reais, virán da mao do endebedamento e ó que considera un instrumento lícito, aínda que depende a que se destine.

No lado positivo, increméntase o gasto social ata un 17,5% aproximadamente do gasto corrente está destinado a gasto social, ascende ó 10,10% do gasto total, incluído o salario do persoal, o que representan números por riba da media e supón un incremento de 4 puntos respecto do ano 2024. En vivenda e urbanismo, un 8,3%, esta materia segue a devorar inxentes cantidades de recursos, polo que entenden que cómpre reverter a tendencia.

En canto ó medio ambiente, un 12,17% do gasto total fronte ó 13,63 do exercicio anterior, do que máis do 32% vai ó grupo do programa de parques e xardíns, é dicir, o mantemento dos mesmos e neste senso, dicir que un dos gastos máis salientables do orzamento non conte cun área propia de medio ambiente, desde o BNG considérase elemental debéndose valorizar os espazos máis aló da posibilidade dunha futura urbanización dos mesmos, tamén achan que é máis que necesario que na RPT municipal existan prazas para técnicos ou técnicas de medio ambiente porque, insiste, é a área que máis diñeiro gasta no concello. Ó fío disto, pregúntanse tamén as partidas orzamentarias que se adican ó programa de educación ambiental, ás actuacións en eficiencia e aforro enerxético, mellora do alumeadado nas parroquias con criterios de eficiencia e sustentabilidade.

Ó fomento do emprego, adícanse 643.915 € dos que 480.000 € correspóndense a salarios do persoal, achan de menos axudas iniciais nos dous primeiros anos do pequeno comercio, incentivos á implantación de empresas no municipio, con bonificación en función do número de empregos creados, aumento na dotación para programas destinados á creación de empresas e de emprego na economía social, cooperativas, etc.

Á seguridade pública da cidadanía e mobilidade cidadá orzáméntase un 8,66% do orzamento, dos que moi poucos van destinados á creación dunha verdadeira mobilidade, cando nin sequera existe unha concellería de mobilidade cando se trata un dos maiores problemas municipais, achan necesario orzamentar cantidades importantes para fomentar a mobilidade peonil sobre as demais e un programa de accesibilidade universal en dúas escalas, tanto nos espazos públicos coma no interior dos edificios municipais e no acceso ós mesmos, podería ser un programa plurianual e o obxectivo sería a eliminación de todo tipo de barreiras nun prazo razoable; botan tamén de menos recursos para a mellora integral do carril-bici e a dotación dun parque público de alugueiro de bicicletas para a execución e desenvolvemento do PMUS.

En canto á promoción do comercio local, volve repetirse a partida orzamentaria de 20.000 €, coma sempre 2.000 € para feiras periódicas e 18.000 € para a feira do mel, coa que non están en desacordo pero a entenden máis como un evento lúdico, botan en falla en xeral programas de apoio ó comercio local a través de incentivos fiscais a PEME e ós e ás emprendedoras e para a mocidade, medidas de apoio ó alugueiro. Na partida de protección a consumidores e usuarios, dótese con 1.100 €, coma sempre; cree que deberían dedicar recursos á creación dun verdadeiro servizo de atención ó dereito das persoas consumidoras e de asesoramento en materia de vivenda.

En canto ós órganos de goberno un 1,93%; subvencións ós grupos políticos igual que sempre; investigación e desenvolvemento 10.000 €; nos investimentos reais, un orzamento de máis de 17 millóns de euros o que supón un





CONCELLO DE
OLEIROS

incremento do 17,86% sobre a anualidade anterior, fundamentalmente pola segunda anualidade do multiusos, ó que se lle dedicarán máis de 8 millóns de euros; transporte público 220.000 €, diñeiro que poñía e cre que segue a aportar para que siga funcionando a nova liña polo interior do concello por estar desatendida pola Xunta de Galicia, doutro xeito a liña desaparecería se non a pagase o concello; comunicación, publicidade e propaganda 67.000 € máis 50.000 € para administración xeral e propaganda, logo existe publicidade noutros servizos como urbanismo, asistencia social, turismo ou tesourería, que si a entenden normal e produtiva.

Nos traballos realizados por outras empresas, como antes falaron da RPT, ascende a máis de 9 millóns de euros, algo máis do 20% do total do orzamento e entenden que o novo auditorio vai ser xestionado por unha empresa externa no futuro, preocúpanlle esta externalización de servizos e o gasto que conleva porque o BNG sempre aposta pola prestación de servizos levados a cabo de xeito directo pola administración, tanto SAF, piscinas, administración xeral do medio ambiente, parques e xardíns, asistencia social, producíndose un incremento destes traballos realizados por outras empresas externas cando cren que se deberían facer a través de medios propios.

Para rematar, nas festas populares a transferencias a entidades ascende a 3.000 €, consideran que esta partida debería incrementarse a través dunha ordenanza municipal de convivencia, de regulación dos festexos e demais actividades lúdicas, un marco normativo que deberíase consensuar coas comisións de festas e diferentes actores privados do sector; en materia de benestar animal, botan en falla as áreas caninas e a adaptación da ordenanza municipal á nova lexislación sectorial; en canto á participación cidadá, xa o comentou antes, achan en falla e básico un regulamento de participación da veciñanza consensuado co tecido asociativo, coa creación de consellos sectoriais abertos en materias como igualdade, deporte, medio ambiente, mocidade ou ensino, entre outros, este regulamento tamén engadiría a participación da veciñanza na elaboración do orzamento municipal.

Xa para rematar, é evidente que este orzamento non é o que elaboraría o BNG máis, de verdade, o que quere o seu grupo cre que non sería tan complicado engadilo, polo que sendo conscientes de que non gobernan si lles gustaría poder facer achegas, dialogar, colaborar en positivo, máis a realidade é que o goberno municipal amósase hermético, o orzamento é o da Alternativa dos Veciños, pero ben podería ser o orzamento da esquerda ou de toda a corporación.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, contestando as intervencións dos diferentes representantes dos grupos políticos municipais e respecto á da voceira do grupo “Popular”, dicirlle que en canto ó mantemento e renovación das redes de abastecemento de auga, está enviada xa unha petición á Xunta de Galicia, incluso chegou a entrevistarse coa conselleira, para que realicen esas obras porque o concello xa paga uns 100 millóns das antigas pesetas anualmente no imposto da auga que se lle paga anualmente, polo que deben reinvestir eses cartos recadados polo menos parte nas redes de auga municipais.

En canto á queixa dos gastos en comunicación e propaganda, mañan abran os xornais dos de maior tirada e afíns ó PP verán 3-4 páxinas con publicidade, cada páxina ten un custe de 3.000 €, un escándalo e ata hoxe no País ven unha páxina da Xunta de Galicia, que debe custar uns 12.000 € e veñen aquí a queixarse de que o goberno municipal gastan





CONCELLO DE
OLEIROS

os cartos da veciñanza en publicidade, cando o que van é a falar de problemas que ten a veciñanza e tamén, dos problemas da veciñanza da comarca, de problemas reais, anuncios que publica a Xunta de Galicia cun trasfondo que non entende ninguén e vir aquí a dicir que se gastan os cartos dos veciños cando o que están é informando mentres que a inserción de publicidade pola súa parte é para que logo poñan nos xornais o que queren.

Na referencia feita polo representante do grupo “Socialista” ó erro que pode haber sobre a concesión da axuda para o torneo de fútbol ó Xuventude Dorneda, un documento que conta con centos de páxinas claro que pode ter erros materiais. En canto ó incremento dos gastos que pode haber no Consorcio As Mariñas pola recollida do lixo é porque o Concello da Coruña non remata por resolver o convenio existente para verter o lixo no vertedoiro da Coruña porque resultaba que os concellos adscritos ó Consorcio As Mariñas estaban a pagar e o Concello da Coruña non pagaba nada e aínda sendo o propietario, tiña que contribuír ós gastos como por exemplo os cento e pico traballadores e traballadoras existente alí e agora pretenden subir de oitenta e pico euros a cento vinte e pico e agora queren, parece ser, cobrala a 108 pero hai que pagar de taxas case que 5 millóns de euros o que van conseguir é que ó final nos vaíamos a SOGAMA e hai que tomar unha decisión de inmediato porque a prepotencia que está amosar ALBADA, a empresa concesionaria, é un escándalo pero consentido polo Concello da Coruña e que os están obrigando a marchar do vertedoiro da Coruña a SOGAMA, pero é que non van pagar máis porque pleitearon con ALBADA e teñen que devolverlles uns 11 millóns de euros, así que non van pagar máis senón recoller e ó final os concellos da área da Coruña rematarán por verter en SOGAMA, porque ALBADA estívoos estafando co consentimento do Concello da Coruña.

No referente ó dito polo representante do grupo “Socialista” de que non tiñan futuro, o que non teñen futuro son eles porque Alternativa leva gobernando 46 anos e seguen porque o pobo de Oleiros quere; tamén falou de que pactaba os programas nas emisoras onde intervén semanalmente e non é así, informa das problemáticas da veciñanza e seguirán nesa liña informativa. Tamén alegou algo sobre a calidade da auga potable e a consume a cidadanía e non pasa nada, aínda que aproveita para recomendar a auga natural das fontes de Canabal e Canide sen contaminación de ningún tipo.

Sobre as 5 persoas que están como persoal de emprego, o que permite a lei ós concellos que contan con 21 concelleiros, e A Coruña con 27 concelleiros, 6 máis, ten 27 funcionarios de emprego, algúns xustificando o salario e seguro que outros que non pasan nin polo seu posto de traballo, acontece o mesmo na Deputación provincial; aquí o persoal de emprego está para asesorar e para levar as cousas adiante pero non para nomear ós amigos.

Sobre o manifestado polo representante do BNG, informarlle que houbo unha reunión a semán pasado coas entidades municipais pero a realidade é que agora co tema das redes sociais e os correos electrónicos hai unha canle informativa moito máis directa, de feito, reciben centos de correos diarios na alcaldía durante todo o ano e que serven de base tamén para a elaboración do orzamento.

En canto ó modelo económico, que teñen o de sempre, menos mal porque se esperan pola Xunta de Galicia, o Goberno do Estado ou polos deputados e deputadas en Madrid dos grupos políticos aquí representados para conseguir investimentos e infraestruturas, como o remate da Vía Ártabra, a Ponte Pasaxe ou a rotonda de Montrove, por iso





CONCELLO DE OLEIROS

menos mal que se teñen ingresos propios e recursos que lles levan a non depender de ninguén, peor o teñen outros concellos que están na mesma situación e non teñen a capacidade de xerar como a de Oleiros, como hoxe que se aprobaron as ordenanzas para recadar e poder así manter a vida diaria municipal, a cultura, o ensino, os servizos sociais, etc. e como antes aludiu tamén ó tanatorio ¿Sabe quen leva reivindicando anos un tanatorio para o concello? Pois a súa organización, o BNG que xunto co PP ó longo de varios mandatos foron quen solicitaron ese servizo, pois agora vai haber un.

Como o grupo municipal “Popular” presentou unha emenda que foi informada pola intervención municipal, informe que se remitiu a tódolos grupos políticos, procédese á votación da mesma.

Votación emenda

Neste intre, o alcalde pasa á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acadándose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (“; cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **dúas abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e **trece (13) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a emenda* presentada polo grupo “Popular”.

De seguido e a petición dunha segunda quenda de intervencións, quenda de réplica, por parte do concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, o alcalde dálle a palabra sinalando que en canto ó dito polo alcalde que gañaron un pleito a ALBADA, é certo pero foi o Consorcio quen o gañou porque este concello presenta pleitos pero adoita perdelos, polo que non colgue esa medalla, e como se falou do tema do tanatorio a verdade é que non podía ter mellor ubicación, preto dunha residencia de maiores parece que para pechar o negocio, brutal.

Insistindo no pleito gañado polo Consorcio As Mariñas á empresa ALBADA, non foi o Concello de Oleiros, máis que nada para que a veciñanza non se crea que foi o alcalde de Oleiros quen gañou eses 11 millóns de euros para o Consorcio, polo tanto, para todos os concellos que o conforman.

En canto ó tema dos gastos de persoal, o goberno municipal custa 800.000 € que representa o 6% de todo o orzamento, unha cantidade moi importante e o Estado permite a subida salarial dos políticos e cargos públicos, pero non obriga e en canto ó apartado de investimento, minten cando falan de que son para mellorar os servizos porque a metade do consignado, uns 8 millóns dos 17 orzamentados, son para a construción do auditorio e por riba, o contrario do sinalado pola voceira do goberno municipal en canto a investir agora para mellorar no futuro, unha maneira brutal de enterrar cartos públicos, o 17,86% da totalidade do orzamento e a metade do Capítulo de investimentos para o ano 2025, como non van estar en contra.

Noutra sesión plenaria criticou a redacción do proxecto por parte do técnico, pero ¿Que aconteceu? Que non lle reclamou nada, polo que propoñen que paralice a obra, que desagregue ese investimento de 8 millóns de euros para adicalos á mellora doutros servizos e ás necesidades reais da veciñanza de Oleiros.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que segundo o que remata de dicir o alcalde ven darlles a razón porque dixo que nos programas de radio falan do que propón o goberno municipal e informa ós veciños porque os paga; por outra banda, entenden que coñece o custo das páxinas de publicade nos xornais porque tamén as paga.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que vai contestar a isto último porque na Deputación provincial hai unhas partidas de subvencións ós grupos políticos municipais para publicidade e xestións dos grupos, polo que Alternativa dos Veciños está a facer un bo uso desas aportacións da institución provincial.

Votación do asunto

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“1.- Pola alcaldía da Corporación se teñen redactados os orzamentos xerais da Corporación municipal para o exercicio do 2025, en cumprimento do que dispón o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2.- Procede polo tanto aprobar de xeito inicial os orzamentos xerais de acordo co que dispón o artigo 168 do TRLRFL citado.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que lle outorgan as normas en vigor, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio do 2025, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	12.743.475,00 €	1	Impostos directos	12.292.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servicios	15.675.740,00 €	2	Impostos indirectos	2.235.000,00 €
3	Gastos financeiros	151.790,00 €	3	Taxas e outros ingresos	3.198.650,00 €
4	Transferencias correntes	1.547.890,00 €	4	Transferencias correntes	14.378.205,00 €
5	Fondo de Continxencia	350.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	689.500,00 €





CONCELLO DE
OLEIROS

Total gastos correntes		30.468.895,00€	Total ingresos correntes		32.793.355,00 €
6	Investimentos reais	17.276.790,00 €	6	Alleamento de investimentos reais	1.954.166,14 €
7	Transferencias capital	30.000,00 €	7	Transferencias de capital	1.564.145,24 €
Total gastos de capital		17.306.790,00 €	Total ingresos de capital		3.518.311,38 €
Total gastos non financeiros		47.775.685,00 €	Total ingresos non financeiros		36.311.666,38 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.315,00 €	9	Pasivos financeiros	11.502.333,62 €
Total gastos non financeiros		74.315,00 €	Total operacións de capital		11.538.333,62 €
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		47.850.000,00 €	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		47.850.000,00 €

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días hábiles, mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia."

Punto 17.- Adopción de acordo respecto á elección de Xuíz de Paz do Concello de Oleiros

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a M^a José Varela, explicando que desde a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia comunicouse a este concello a posibilidade de incoar procedemento para a elección de Xuíz de Paz titular no prazo de tres meses por acordo da mesma; o que se lle contestou afirmativamente e por Decreto da Alcaldía iniciouse dito procedemento e a súa convocatoria.

Publicada no BOP, abriuse o prazo para a presentación de solicitudes interesadas no posto polo prazo dun mes, dándose tamén publicidade a través do Taboleiro de Anuncios do Concello; do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución-Decano e ó propio Xulgado de Paz de Oleiros.

Rematado este prazo o pasado 7 de outubro presentáronse dúas solicitudes por D. Manuel E. Marquez Martín e D. Juan Ramón Canle López; revisada a documentación pola comisión de avaliación nomeada por Providencia da alcaldía, constatouse que ambos candidatos reúnen os requisitos necesarios para optar á praza e na que acreditan que D. Manuel E. Marquez, conta con formación académica, Graduado en Dereito, cun máster en avogacía e formación na resolución de conflitos, con experiencia laboral de letrado en prácticas e voluntariado na Cruz Vermella; D. Juan Ramón Canle, é especialista en educación infantil, monitor de artes plásticas, realizou traballos para o INE na elaboración de censos e padróns en Oleiros e conta con experiencia no posto desde o ano 1994.





CONCELLO DE OLEIROS

Vista a proposta da comisión de avaliación, propónse ó pleno a designación de D. Juan Ramón Canle López como Xuíz de Paz titular do Concello de Oleiros para os vindeiros catro anos, notificándose o acordo ós interesados e remitindo o expediente á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para ó seu nomeamento.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que chama a atención a proposta realizada en base á titulación dos aspirantes á praza, parece que apostouse pola continuidade, por iso o seu grupo vaise abster neste asunto e insistindo en que lles falla información para ter unha opinión fundamentada.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de outubro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O secretario da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia comunica ó concello que a Sala de Goberno acordou en reunión de 5 de xullo de 2024 comunicar ó Concello de Oleiros a posibilidade de incoar procedemento para a elección de Xuíz de Paz titular no prazo de tres meses.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024004627, do 2 de setembro, incóase procedemento para a elección de Xuíz de Paz titular, aprobándose a convocatoria e as bases que rexerán o proceso coa fin de cubrir a nomeada vacante.

Esta convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) nº 172, de 6 de setembro de 2024, intre no que se abriu o cómputo do prazo dun (01) mes para a presentación de solicitudes polas persoas interesadas no procedemento.

Deuse publicidade das bases a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e tamén, deuse traslado da convocatoria e das bases a efectos de publicidade ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Coruña (Decano) e ó propio Xulgado de Paz de Oleiros.

Rematado o pasado 7 de outubro o prazo concedido para optar á vacante de Xuíz de Paz de Oleiros, durante o mesmo presentáronse as seguintes:

- D. Manuel E. Marquez Martín, mediante solicitude presentada o día 23 de setembro de 2024 (R.E. nº 2024020059) a través do Rexistro de Entrada municipal.

- D. Juan Ramón Canle López, mediante solicitude presentada os día 30 de setembro de 2024 (R.E. nº 2024020846) a través do Rexistro de Entrada municipal.

Por Providencia da Alcaldía, constituíuse unha comisión encargada de analizar as instancias presentadas formada pola Secretaria accidental e mailo xefe do servizo de Interior, quen emitiron a correspondente informe-proposta, que se transcribe:

“Reunidos Marcos Veiga Rodríguez e M^a Pilar Cela Alvarez aos efectos de dar cumprimento á Providencia da Alcaldía de data 15 de outubro do 2024 polo que se nos designaba para avaliar as solicitudes presentadas para a designación de Xuíz de Paz do Concello de Oleiros; á vista do expediente consta que nas Bases Reguladoras da Selección deste posto, consta que os interesados deberán presentar a documentación relacionada na cláusula terceira e que deberán cumprir os requisitos de non estar incursos en incompatibilidades e prohibicións recollidas na cláusula quinta e para a valoración de idoneidade os méritos que se terán en conta son os seguintes:

1º.- Experiencia no desenvolvemento das funcións de Xuíz de Paz





CONCELLO DE OLEIROS

2º.- Coñecemento das características do Concello de Oleiros

Rematado o prazo de presentación de solicitudes constan segundo informe das oficinas xerais, as seguintes:

D. Manuel Márquez Martín, nº rexistro 2024020059 de 23-9-2024

D. Juan Ramón Canle López, nº rexistro 2024020846 de 30-9-2024

Revisada a documentación compróbase os dous compren os requisitos para poder ser designados Xuíz de Paz, sen perxuízo de que se solicite para a súa remisión á Sala de Goberno do TSXG a acreditación das circunstancias declaradas pola persoa que resulte seleccionada.

Para a avaliación como méritos presentan:

D. Manuel Márquez Martín

Relación de formación académica: Graduado en dereito, máster de avogacía, formación en mediación e resolución de conflitos.

Experiencia laboral: prácticas como Letrado e voluntariado na Cruz Vermella.

D. Juan Ramón Canle López

Relación de formación: Especialista universitario en educación infantil, cursos en artes plásticas.

Experiencia laboral: Monitor-Profesor de artes plásticas durante 6 anos,

Traballos para o INE na elaboración de censos e padróns municipais de Oleiros.

Experiencia como Xuíz de Paz desde o ano 1994.

En aplicación das Bases, D. Manuel Márquez Martín non acredita experiencia no desenvolvemento das funcións de Xuíz de Paz, nin tampouco sobre o coñecemento das características do Concello de Oleiros.

D. Juan Ramón Canle López acredita experiencia como Xuíz de Paz durante 30 anos e para o coñecemento das características do Concello de Oleiros, os seus traballos para o INE na elaboración de censos e padróns municipais de Oleiros.

En consecuencia procede PROPOR AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO.- Que se designe como Xuíz de Paz polo período de catro anos a D. Juan Ramón Canle López.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados.

TERCEIRO.- Solicitar a D. Juan Ramón Canle López que presente certificación de ausencia de antecedentes penais.

CUARTO.- Comunicar o acordo plenario xunto coa remisión do expediente á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

A secretaria accidental do Concello de Oleiros emitiu informe xurídico previo á proposta de resolución, por ser un asunto que require maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a válida adopción do acordo.

Fundamentos de dereito

De conformidade cos artigos 99 a 103 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e do Regulamento 3/1995, do Consello do Poder Xudicial, corresponde ó Pleno da Corporación aprobar a proposta de nomeamento de Xuíz de Paz.

Os requisitos para poder desempeñar o cargo de Xuíz de Paz están enumerados no art. 102 da lei orgánica do Poder Xudicial, segundo o que poderán ser nomeados Xuíces de Paz quen, maila non ter a condición de Licenciado en Dereito, cumpra os requisitos establecidos na devandita Lei para o ingreso na carreira xudicial e non se atopen incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas para o desempeño das funcións xudiciais, agás o exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

O art. 6 do Regulamento 3/1995, do Consello Xeral do Poder Xudicial, dispón que a elección farase entre as persoas que o solicitaran e que reúnan as condicións legais.





CONCELLO DE OLEIROS

O procedemento para a elección de Xuíz de Paz realizouse mediante publicidade, coa inserción e publicación de anuncio no BOP, cumprindo os trámites establecidos na Lei orgánica do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do Consello Xeral do Poder Xudicial, correspondendo finalmente ó Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros, adoptar a proposta de acordo seguinte:

Primeiro.- Elixir a D. Juan Ramón Canle López, titular do DNI nº 76323220C Xuíz de Paz titular de Oleiros, por un período de catro (04) anos, consonte ó disposto no art. 101 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Segundo.- Este acordo, unha vez certificado, comunicárase á Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xunto con copia do expediente, para que proceda ó seu nomeamento, ós efectos do art. 101 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás persoas solicitantes.

Cuarto.- Contra os acordos que tome a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia de nomeamento de Xuíz de Paz poderase interpoñer un recurso ordinario ou de revisión diante do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte o establecido polo artigo 12 do regulamento 3/1995."

Punto 18.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024004898 ata o 2024005478

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024004898 ata o nº 2024005478, ambos incluídos.

Punto 19.- Mocións, rogos e preguntas

• **mocións**

Expón o alcalde D. **Ángel García**, que hai dúas mocións presentadas e dálle a palabra ó grupo municipal "Popular".

19.1.- Moción do grupo municipal "Popular" en contra do desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña

Da orde do alcalde procede a dar lectura ó texto da moción presentada D^a **M^a Dolores Silva**, voceira do grupo "Popular", que se transcribe no acordo adoptado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista"; e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda aprobar a urxencia e proceder a *tratar a moción* presentada polo grupo municipal "Popular".

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, amosando a súa sorpresa pola aprobación por parte do goberno municipal da declaración de urxencia porque trata sobre aspectos moi propios de Oleiros; As Somozas, Touro, Cariño ou Pobra do Caramiñal ¿Por que non se fala tamén da pesca do salmón en Ilemen?.





CONCELLO DE
OLEIROS

O certo é que esta moción está chea de imprecisións e que non deixa de ser unha moción tipo do Partido Popular para enfrontar co goberno do Estado e que se fale de delincuencia de carácter económico, cando todos os indicadores aínda que se podería ir mellor, en canto ó crecemento do PIB van ben de xeito razoable e ese é un motivo fundamental polo que o Partido Popular en Madrid, en vez de falar da economía que é o que adoita facer cando goberna a esquerda ante o mínimo deslíz ou noticia económica que poida vir mal dada, adócanse a revolver con outro tipo de cousas, polo que non ten moita vinculación entre o que se dí coa realidade.

Por outra banda, mesturar temas como a ocupación co goberno de Pedro Sánchez non é de recibo porque se están a aplicar unhas leis que se deben modificar, baixo o seu punto de vista, por levar moitos anos de vixencia e non moi lonxe, na Coruña, houbo un problema grave de ocupación na Ronda de Nelle que viña dos anos 2012-2013, no mandato do Sr. Negreira, do Partido Popular, circunstancias que lles ocupan e preocupan a calquera goberno municipal independentemente da cor política, pero non se pode dicir que a culpa sexa dun en concreto e vir aquí, insiste, a tratar un tema da Garda Civil non o considera axeitado.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que ten serias dúbidas de que se incrementase a taxa de delincuencia nos concellos do rural, de facto, estase sempre a falar da agrupación de concellos e o que fixo o Ministro a través da orde e tratar de optimizar os recursos e non cre que se vaia minar a seguridade nestes concellos, cre que se está a racionalizar dalgún xeito.

No que si pode estar de acordo coa moción é no do tema da atención presencial, porque parece que existe unha fobia ó cidadá na Garda Civil, mesmo en Oleiros para determinado tipo de delitos nin pola mañán nin a ningunha hora, a súa organización xa o pediu no Congreso dos Deputados e mesmo tamén aquí á propia Garda Civil de Oleiros, para que atendese á cidadanía en todo momento; este é o único punto da moción co que poden estar de acordo.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a literatura da moción é partidista, é unha moción que tamén a presentaron na Deputación provincial, unha moción tipo pero quere basearse nas propostas do acordo a adoptar e procede a dar lectura ás mesmas e sinala que está de acordo, insiste, non coa literatura pero sí coa proposta de acordo a adoptar.

Engádesse pola voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que aínda estando de acordo en que se está a falar dos concellos do rural e aínda que agora en moitos casos non afecta a Oleiros, ó mellor no futuro expándese esta problemática e pode chegar a afectarlle tamén a Oleiros.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).





En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *aprobar a moción* presentada polo grupo municipal “Popular” que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular de Oleiros leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente da súa lugar de orixe e de residencia, sexa esta nunha cidade ou no noso rural. Da mesma maneira, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel cruce para o benestar dos veciños nestas áreas para a seguridade dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.

Lamentablemente as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue medrando: “no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou nun 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos no 2017 a 51,7”.

En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade medrou de xeito preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na ciber criminalidade (18,7%), sustracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4%) e furtos (1,4%).

Este incremento non é casual, débese en parte ás políticas que favorecen a impunidade en delitos como a ocupación, as agresións sexuais (coa Lei do “sí é sí” ou a amnistía, a mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese. A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo isto propicia unha contorna de maior inseguridade e criminalidade.

Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional. A Garda Civil, ten como misión principal protexer esas zonas, especialmente afastadas dos núcleos urbanos, asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal, a Orde Xeral 25/2023, de 28 de decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña.

- Somozas, Cariño e Touro, tres municipios rurais con menos de 4.000 habitantes e con desafíos significativos en termos de despoboamento,
- A Pobra do Caramiñal, un municipio costeiro con menos de 10.000 habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos.

O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña. Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9 a 14.30 h. Fóra deste período, a atención limitárase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps. Esta resolución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica. É especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes.

Esta decisión do ministro do interior é aínda máis preocupante se consideran que na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o catálogo de postos; 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas, segundo a publicación do Ministerio do Interior.

- 5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos de Garda Civil.
- 1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva; 213 en situación de baixa médica, o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xutos coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta





CONCELLO DE OLEIROS

parlamentaria presentada polo Grupo Popular no Congreso dos Deputados.

Por último, non hai que esquecer en maio deste ano o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebrase unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia. Co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo inviable unha interlocución directa co máximo representante da Admón. do Estado en Galicia.

Por todo isto, o Concello de Oleiros insta ó Goberno de España a:

- 1.- Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal coma en medios materiais.
- 2.- Establecer unha colaboración efectiva cos Concellos da provincia da Coruña para asegurar a axeitada protección da seguridade cidadá.
- 3.- Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.
- 4.- Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.
- 5.- Reforzar de maneira urxente os postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.
- 6.- Cubrir as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña, que actualmente están desocupadas.
- 7.- Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes ós postos de baixa demanda no medio rural.
- 8.- Utilizar urxente as vacantes do persoal en reserva sen destino, aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña."

19.2.- Moción do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa á reivindicación do 25-N e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D. **Iván Roca**, voceiro do grupo "Mixto"-BNG, que se transcribe no acordo adoptado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista"; e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda aprobar a urxencia e proceder a *tratar a moción* presentada polo grupo municipal "Mixto"-BNG.

Intervén a voceira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto en contra do seu grupo porque se dan por feitos ou presupoñen o que poidan presentar outros grupos políticos. Por outra banda, realízase un argumento político da violencia entendendo que se tratar dunha moción xenérica, presentada a nivel nacional, botando en falla certas medidas que si se poderían incorporar como é a creación do CIM no concello e outras máis.





CONCELLO DE
OLEIROS

Trátase dun tema preocupante e tal e como xa lle dixo ó voceiro do BNG, tan relevante como que para o vindeiro pleno de novembro todos os grupos políticos, deixando ó lado as ideoloxías, enviasen as súas propostas para que na próxima comisión informativa, por non haber aínda xunta de voceiros, se redactase un texto consensuado para que se elevase como declaración institucional e ademais, tendo en conta que o vindeiro pleno de novembro supoñen que se celebrará precisamente na semán do 25-N, sería o máis axeitado ou, polo menos, así o entende o seu grupo e fan esa petición.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando que o seu grupo como non podería ser doutro xeito, sumarse a esta proposta que busca avanzar e incrementar recursos para a loita contra a violencia machista en Galicia. A violencia que o home exerce sobre a muller, só polo feito de ser muller é un dos problemas máis graves que pode ter unha sociedade, un pobo, que un home se crea co dereito de asasinar a unha muller por considerala da súa propiedade é o maior desprezo, a maior anulación, negación e, polo tanto, a maior ignominia que se pode cometer contra outra persoa, contra un igual.

Por suposto que están de acordo en pedirlle á Xunta de Galicia que mellore, que amplíe e que non privatice os recursos existentes para combater a violencia machista, pero queren empezar pedíndolle ó Concello de Oleiros que dunha vez por todas, poña en marcha o CIM de Oleiros pois lles parece o máis coherente co seu compromiso ante este problema grave para, como se recolle na iniciativa, para facer especial fincapé na instalación destes centros nos concellos onde aínda non existan e por iso o seu grupo quere presentar unha emenda da adición á presentada polo BNG sobre as medidas a adoptar nesta loita, pedíndolle ó Concello de Oleiros que poña de inmediato o Centro de Información á Muller (CIM) para unirse oficialmente e regladamente a esta loita contra a violencia machista e insisten na creación do CIM, por varias razóns como por impedir que ese problema se dilúa entre outros problemas sociais; para conseguir que se incorpore un axente de igualdade ó persoal que conforma o CIM; para regular as necesidades tanto cuantitativas coma cualitativas dos profesionais do CIM; asegurar que teñan e manteñan a formación máis axeitada e específica neste tema e por isto que vai ler:

O concello non dispón de servizos específicos de atención á muller en situación de vulnerabilidade, non existen programas de formación ou prevención do maltrato e non se dispoñen de recursos de emerxencia para situacións externas, ou alomenos non se coñecen.

Isto non o subscribe ela, senón que llo fixo chegar unha asociación veciñal que sabía que hoxe se ía tratar este asunto e debater sobre o mesmo e pódese seguir pensando que todo se fai ben e seguir igual ou, pola contra, pódese escoitar e cambiar para mellorar.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, para poñer de manifesto que o que se está a tratar é unha moción presentada polo BNG e na que se insta a unha consellería en concreto e ó goberno da Xunta de Galicia co que están de acordo, que saiba non se está a tratar nada a nivel municipal, se o BNG mantén o texto da moción apoiarana sen problema, do contrario, non.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que o tema dos CIMs non é a única ferramenta para combater a lacra da violencia machista, si do que se trata é de dotar ós concellos de profesionais coa debida formación e especialización, poderíase facer dentro dos servizos sociais comunitarios, optimizando así os recursos e favorecendo a coordinación.

Por poñer o exemplo de Oleiros, ten a sorte de contar dentro do persoal de servizos sociais con profesionais cun alto nivel de formación e especialización, tanto na violencia de xénero coma no maltrato a menores ou problemas familiares, conta co apoio dos servizos do plan director de servizos sociais do Consorcio As Mariñas, que propicia asesoría xurídica e presencial todas as semanas, polo que do que se trata é de incrementar o persoal de servizos a prestar unha mellor atención, por exemplo as urxencias, apostarían antes pola contratación nos servizos sociais comunitarios e tamén se choca coa taxa de reposición que impón a lei de estabilización orzamentaria.

Dito isto, estarían a favor dun CIM sempre que houbera unha resposta clara e exacta sobre o impacto do financiamento nos orzamentos municipais e, principalmente, no que atinxe ó persoal coas trabas antes mencionadas, se crear un CIM esquívase esa barreira, estarían a favor, mesmo que o concello teña que facer un esforzo con recursos propios, se pola contra a dotación de persoal impide ou afecta a outras contratacións no eido dos servizos sociais comunitarios, están en contra e optan por esa outra fórmula e polo que cren pensan que non é necesario un CIM aquí en Oleiros.

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a moción preséntase tal e como foi presentada polo BNG polo que procede pasar á votación da mesma.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *aprobar a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologa-la a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que se converten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo das categorizacións dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios. En outubro o terrorismo machista acabou coa vida de Fadoua Akkar, asasinato que deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos; en agosto saímos as rúas ante o feminicidio de Mercedes Ríos





CONCELLO DE OLEIROS

Muñiz, de 74 anos e en marzo contra o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un 20%).

Ante esta situación observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos negacionistas e banalizadores, máis tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, institucional e social, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, absolutamente fundamental para que as vítimas poidan romper coa espiral de violencia e para que se recuperen. Desde hai dezasete anos a lexislación contempla que este servizo se preste de maneira integral e como parte da Atención Primaria. Porén, isto non é unha realidade e os programas de atención psicolóxica que se prestan a través da colaboración co Colexio de Psicoloxía ou a Fundación Meniños, sendo moi importantes e axudando a moitas mulleres, chegan apenas ao 20% das vítimas e teñen limitadas as súas sesións.

Outro aspecto fundamental para a loita contra a violencia machista é reforzar os recursos de proximidade, como son os Centros de Información á Muller, que se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións e contribúe ao seu financiamento. Malia ser unha demanda histórica do municipalismo e das traballadoras destes centros, a Xunta de Galiza segue sen abordar unha mellora do seu financiamento, a fixación de rateos mínima de persoal e a ampliación de categorías profesionais.

Finalmente, cómpre sinalar a preocupación ante importantes pasos atrás no simbólico e na articulación do sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferírselle fondos europeos para a súa creación. Unha decisión intolerable, que vai precarizar a atención ás vítimas e ante a que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político e a única maneira de o facer é comprometermos con máis avances.

Por estes motivos a corporación municipal de Oleiros reafirma o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e anima á veciñanza Oleiros a secundar as mobilizacións do movemento feminista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Oleiros dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

A) Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluirá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.





CONCELLO DE OLEIROS

B) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

C) rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias."

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o alcalde, D. **Ángel García**, sinalan que existen ademais dous escritos presentados polo grupo municipal "Socialista" que non reúnen a condición de moción porque ademais son unha repetición dos xa presentados en xaneiro do ano pasado. O primeiro relativo a valores democráticos, que non é unha moción e o outro sobre o tema da rede de saneamento e estado das tubaxes, que tampouco é unha moción como xa se lles contestara cando o presentaron no seu día.

Solicita a palabra e intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando que quería preguntarlle á secretaria municipal se o alcalde pode decidir que é ou non unha moción...

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que a secretaria intervirá cando lle dea él a palabra e respecto dos escritos presentados, xa lles informou no seu día a propia secretaria de que non eran mocións.

Neste intre prodúcese debate entre o alcalde e o concelleiro e a voceira do grupo "Socialista" a este debate, que o remata o alcalde ordenando que se pase á quenda de rogos e preguntas.

* rogos e preguntas

19.3.- Rogo do grupo municipal "Popular" sobre arranxo da Rúa Areosa

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Jorge Platas**, sinalando:

"Dous anos despois volven achegar este rogo ó pleno porque saíu recentemente en prensa o asfaltado da Rúa Areosa e é verdade o que dí o alcalde, que existe unha zona onde non hai vivendas, pero da zona de Maianca a Curros Enríquez si, polo que solicitan que esa parte sexa asfaltada porque é unha rúa moi utilizada para acceder á Vía Ártabra."

19.4.- Rogo do grupo municipal "Popular" sobre a reparación de beirarrúas e dos árbores na Urbanización Montrove

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal "Popular", D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

"Solicitan a reparación da beirarrúas e os árbores existentes na Urbanización Montrove, dado que se atopan destrozados."

19.5.- Rogo do grupo municipal "Popular" sobre control de pragas de roedores

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

"Queren seguir insistindo na necesidade dun exhaustivo control de pragas xa que na mesma urbanización seguen a ter un gran problema coas ratas, como veñen avisando desde algún tempo. As ratas entran nas garaxes.

O concello ten contratada unha empresa para realizar este servizo, solicitan unha maior efectividade e un protocolo de prevención e planificación."





CONCELLO DE
OLEIROS

19.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo dos aparcadoiros do Pavillón Arsenio Iglesias e da Piscina de Oleiros

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Sería convinte arranxar por completo o pavimento do aparcadoiro sito no Pavillón Municipal Arsenio Iglesias, en Sta. Cruz e tamén o do aparcadoiro da piscina de Oleiros, xa noutro pleno informoulles que esa parcela era un terreo privado, pero entenden que se contan coa autorización para uso de aparcadoiro, deberíase arranxar.”

19.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo dunha balsa de auga no camiño a carón do Río da Loba

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“No Camiño executado a carón do Río da Loba, na contorna do campo de golf, ó fondo existe unha balsa de auga estancada, descoñece se pertence ó campo de golf ou non porque está pola parte de fóra, pero quéixase a veciñanza da Rúa Xardín de Gómez de que desprende malos olores esa balsa, polo que solicitan que se lle require a quen lle corresponda para o seu arranxo.”

19.8.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre arranxo no Paseo de Sta. Cruz

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O bordo do paseo do Castelo de Santa Cruz está moi deteriorado e perigoso. Trátase dun paseo moi concorrido polo que rogan ao goberno do Concello de Oleiros que busque solucións da maneira máis rápida posible antes de que haxa algo que lamentar.”

Engade que falando de lamentar, mágoa de que o alcalde non lles deixe falar de democracia, transparencia e bo goberno.

19.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre organización de charlas en conmemoración do 25-N

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Estase ás portas un ano máis da conmemoración do 25 de novembro, o día internacional da eliminación da violencia contra a muller e dende o grupo municipal socialista propoñen que aproveitando a figura da emblemática Emilia Pardo Bazán, poderíanse organizar unhas xornadas para esas datas co seu nome.”

19.10.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre programación dun plan de desratización municipal

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Desratización no Concello, calquera que pasee por zonas do Concello tanto en núcleos coma contornas de Santa Cruz, Mera ou de Santa Cristina pódese atopar con ratas, vivas e mortas, en sendeiros, regatos e mesmo nas beirarrúas e nas rúas máis céntricas. Ante esta situación, de risco sanitario obvio, rogan ao Goberno do Concello de Oleiros que programe un plan de desratización con urxencia e de reparación urxente das tubaxes e arquetas de saneamento rotas que son en moitos casos a vía de expansión destas pragas.”

19.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre arranxo do pavimento na Avda. das Mariñas, á altura de Iñás, por mor dunha rotura da tubaxe da rede xeral de auga

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Na Avenida de As Mariñas á altura de Iñás, preto da rotonda de O Carballo, produciuse xa hai varios meses unha rotura dunha tubaxe xeral de abastecemento de auga, algo por desgracia moi habitual neste Concello dado o abandono que o alcalde e concelleiros levan moitos anos facendo das redes de abastecemento e saneamento porque como van soterradas non dan votos. A día de hoxe os veciños da zona seguen sen ter o acceso as súas casas como é debido, polo que pregan que sexa arranxada esta situación á maior brevidade posible.”





CONCELLO DE
OLEIROS

19.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre arranxo do pavimento do Pavillón de Mera

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“En Mera pódese ver adestrar un bo número de persoas ao baloncesto que se queixan da falla dun chan axeitado nese pavillón para esa práctica deportiva, polo que rogamus ao goberno de Oleiros que tome nota desa necesidade e faga o posible por aportar a solución máis axeitada a maior brevidade posible.”

19.13.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre vertido realizado ó rego da Loba, en Xaz

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Existe un decreto con data de 13/08/2024 e código de resolución 2024004312 do departamento de obras públicas, por un vertido non autorizado ao rego da Loba finca de Xaz, ó mellor foi do que falou o concelleiro do PP. Solicitan ó Concello que facilite información das circunstancias e gravidade deste vertido.”

19.14.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre pingueiras na Pista Polideportiva de Meixonfrío

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Cando chove, na pista polideportiva de Meixonfrío en Santa Cruz existen pingueiras que provocan a aparición de pozas dado o certo desnivel existente na propia pista, situación que pode provocar riscos para os utentes, especialmente de baloncesto. Solicitan ó Concello que verifique esta situación.”

19.15.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre revisión do mal estado do mobiliario e urbanización pública no concello

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“En outubro do 2023 trouxeron a pleno que a veciñanza alertáralles sobre o estado dalgunhas beirarrúas; concretamente na rúa Dolores Ibarruri, na praza que está cruzando coa rúa Garrucha, xunto á zona de carga e descarga. Esta situación xa ten provocado tropezoños e pequenos incidentes que por agora, non tiveron maiores consecuencias, pero que poderían telas.

Demandaran o seu arranxo urxente alén dunha unha revisión xeral do estado das beirarrúas; un ano máis tarde segue igual, achan que sería importante un sistema que permitira seguir as queixas da cidadanía, nomeadamente no vencellado co mal estado do mobiliario e urbanización públicas.”

19.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre traballos de conservación do mosaico de Xabier Correa no paseo da praia de Sta. Cristina

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O mosaico de teselas de vitrocerámica, chamado “27 arroaces e unha estrela”, que se acha no paseo da praia de Santa Cristina obra do artista Xabier Correa Corredoira, leva xa 32 anos con nós na devandita praia de Santa Cristina. Atópase xa nun punto no que cómpren accións directas para o axeitado mantemento e conservación do mural, vítima do tempo, as pintadas sobre as teselas, falla de mantemento do mosaico e incluso, a invasiva presenza dun emisor de fecas que puido ter provocado a fenda existente no mesmo.

Solicitan logo do concello que faga o que estea nas súas mans para a conservación do nomeado mosaico.”

19.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o conflito do transporte público na mancomunidade

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Após a catarse producida no transporte público en Oleiros e Sada o nefasto 23X, constituíuse cunha visión supramunicipal unha plataforma cidadá aberta de ambos os dous Concellos, que xa tomaron diversas medidas e camiños na procura da recuperación das liñas perdidas e nas mesmas condicións sen transbordos nin demais experimentos. No BNG de Oleiros apoian dende o minuto un esta plataforma comarcal ou supramunicipal, xa que os





CONCELLO DE
OLEIROS

problemas teñen esta compoñente. O alcalde de Oleiros, con moito tino, falou aí atrás de que todos somos A Coruña, transporte metropolitano integral e permeábel que supere as rixideces dos Concellos.

Solicitan do goberno municipal que apoie á plataforma supramunicipal creada, como unha forza máis no anhelado dun verdadeiro e eficaz transporte municipal."

19.18.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa a aparición de plumachos nunha finca en María Soliña

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Existen plumachos de aparición recente na rúa María Soliña, a carón do edificio novo e da fonte do lugar. A leira está pendente de urbanizar e edificar, anunciándose unha promoción achan que unha VPL. Querían saber ¿Ten a promotora licenza de obra e cando lle caduca?; ¿É vivenda de prezo libre? Existe algún procedemento sancionador aberto polos plumachos e mesmo ¿Que plans hai para adecentar a contorna da fonte? Hoxe en estado claro de abandono."

19.19.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa ós puntos lilas (posibles vítimas de violencia machista)

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Os "Puntos Lilas" son espazos nos que se sensibiliza á cidadanía e se atende, informa e axuda ás vítimas de calquera tipo de agresión machista. A súa finalidade, polo tanto, é concienciar, previr e gozar da festa con respecto á muller, libre de acoso e humillación machista. O Concello informa de 1211 actuacións nestes puntos. Poderían informar de ¿Cantas destas intervencións foron para atender e axudar a presumíbeis vítimas de agresións machistas? E ¿Houbo algunha derivación policial ou apertura de dilixencias xudiciais?."

19.20.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa á construción de urbanización residencial privada e con seguridade en Nós

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"En plena voráxine inmobiliaria de Oleiros, con construción residencial por todas as parroquias, unha promotora recupera o proxecto das obras de urbanización de 40 chalés en Nós para finalizalo, cunha nova denominación de Xardín de Vega.

Será unha urbanización con sistema de seguridade de accesos e espazos comúns, con cámaras de vixilancia e 1.500 metros de zonas privadas comunitarias.

Querían saber ¿En que vai consistir ese sistema de seguridade de accesos a espazos comúns?; ¿Estase diante de urbanizacións privadas con vixilantes na entrada e onde non se vai poder circular con normalidade? Tal e como acontecía na Urbanización do Pinar, onde mesmo había problemas para entrada dos camións do lixo."

19.21.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa a molestias por ocupación de vía pública e de ruídos por descarga dun camiión a un Supermercado en Perillo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Residentes na Rúa Tras do Río, en Perillo, denuncian dende o pasado mes de agosto continuas molestias que padecen nas madrugadas por traballos de descarga da mercadoría dun camiión dun tráiler e o traslado a un supermercado. Coa anterior empresa propietaria nunca houbo molestias durante anos e agora coa nova de Alcampo, son constantes.

Un camiión aceso e facendo ruídos durante horas, dende as seis e media da mañá, aparcado en zona prohibida e obstaculizando un carril. A nova empresa todo boas palabras, máis cero medidas, sinalan as veciñas. Descoñecen se a policía local comprobou estas incidencias, máis de existiren ¿Serían as actuacións deste supermercado en canto a horarios, posíbel ocupación rúa, ruídos, etc compatíbeis coas ordenanzas do Concello?."

19.22.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa ó afán de xerar pleitos contra a veciñanza de Oleiros con cargo ó erario público





CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Rematan de coñecer que os tribunais volveron dar a razón ós veciños de Mera, desestimando o recurso interposto polo Concello de Oleiros. Tiñan razón eses 11 veciños de Mera que denunciaron ó concello polo cobro dunhas taxas especiais a todas luces ilegais como confirmaron por dúas veces os Tribunais.

Pero a pregunta que fan hoxe dende o grupo municipal socialista é ¿A canto vai ascender agora para as arcas municipais os gastos xudiciais dese erro e, sobre todo, a cantos veciños e veciñas de Oleiros máis lles ten aplicado o Concello tarifas especiais inxustas e ilegais, que non saíron á luz, porque eles non denunciaron? Porque se teñen que facer cargo dos seus avogados cos seus propios cartos, a diferenza do alcalde, que pleitea con cartos dos oleirenses.”

19.23.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ó mal estado do arborado urbano

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“No prego de xardinería de 2017, que estivo vixente ata o 2024, o noso concello establece como obriga da concesionaria en canto ó seguimento do arborado que as inspeccións deben converterse nun proceso sistemático por parte do adxudicatario, e proseguía, con que os estudos irán a cargo do concesionario, ata un máximo de 30 informes anuais.

É dicir, o Concello decidiu hai 7 anos que non quería facer un seguimento de calidade do arborado urbano, sendo pois con esta actitude negligente o responsable final das incidencias e accidentes que se están a producir. A última no Pazo de Lóngora, onde un recente temporal botou abaixo un gran árbore que afortunadamente non caeu, pero por moi pouco, enriba da biblioteca, e alí segue. ¿Que se vai facer e cando e cantos máis árbores están nesa mesma situación por culpa da actuación negligente do Concello?”

19.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ó emprego de herbicidas para limpeza de rúas

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O glifosato é un herbicida introducido na década de 1970 que foi empregado para eliminar as malas herbas que invaden os cultivos agrícolas e os espazos públicos. A axencia contra o cancro da OMS concluíu en 2015 que era probablemente canceríxeno para os seres humanos. Nos concellos con sensibilidade medioambiental está prohibido o seu uso. O certo é que estes días podemos ver a operarios de contratas municipais pulverizando herbicidas por diferentes zonas. A pregunta é pois ¿Que herbicida se está a empregar? E ¿Que din as fichas de toxicidade deses produtos, así como os lugares, cantidades e frecuencias nos que se están a aplicar?”

19.25.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á valoración do alcalde das actuais prestacións da carteira de servizos do SERGAS en Mera

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Segundo manifestacións feitas dende o Concello de Oleiros, son os únicos que están a loitar por ter unha correcta atención de Pediatría na zona de Mera. A pregunta que dende o seu grupo queren facer é ¿Consideran entón que as demais prestacións da carteira de servizos do Sergas están correctamente cubertas para esa poboación do norte do concello? Tendo en conta a dotación actual de persoal coa que conta o Centro de Saúde de Mera?”

Neste intre e ante a insistencia da voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, de seguir argumentando a pregunta xa realizada, prodúcese debate entre o alcalde, Sr. **García**, e o concelleiro e voceira do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández** e Sra. **Acuña**, dado que o alcalde avisaos de que xa teñen esgotado o tempo para realizar as preguntas e o que non vai permitir son a lectura de escritos, que parecen glosarios, desvirtuando o que representa unha quenda de preguntas, dado que teñen que ir ó grao e facer a pregunta en cuestión.

Tanto o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, coma a voceira do nomeado grupo, Sra. **Acuña**, antes sinalados protestan de que teñen dereito retirándolle a palabra o alcalde ante a insistencia en tratar de ler a última





CONCELLO DE
OLEIROS

5ª pregunta insistíndolles en que non poden presentar unhas preguntas que parecen máis un glosario que a fin desta quenda, que é preguntar temas concretos, dando paso ás preguntas a formular polo grupo municipal “Popular”.

19.26.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa á sentenza das contribucións especiais en Mera

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Ó fío do preguntado polo grupo “Socialista”, o seu grupo ademais do que preguntaron do custo total que vai supoñer a resolución xudicial mailos intereses ¿Teñen pensado pagalo ou vano recurrir?.”

19.27.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa a medidas de seguridade da vivenda sita no nº 84 da Avda.

Ernesto Che Guevara

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, Dª **Mª Dolores Silva**, sinalando:

“Poderían dicirlles ¿Que medidas se están a adoptar para o mantemento da vivenda existente na Avda. Che Guevara nº 84 para a seguridade ante posibles desprendementos?.”

19.28.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa seguimento e control das licitacións e contratos municipais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“¿Teñen previsto un plan de seguimento e control daquelas licitacións ou contratos de servizos levados a cabo polo Concello para asegurar o seu cumprimento?.”

19.29.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa á instalación de fibra óptica na Rúa Francisco Giner de los Ríos

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“Esta é unha pregunta que lles fai a veciñanza de Francisco Giner de los ríos ¿Para cando poderá chegar a fibra óptica súa rúa?.”

19.30.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa á petición de expedientes ou documentación por parte do seu grupo ó goberno municipal

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, Dª **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“¿Por que non se lles facilitan os expedientes electrónicos cando solicitan calquera tipo de documentación?; ¿Cal é o impedimento?.”

De seguido inicia a contestación o alcalde, D. **Ángel García**, iniciando cos rogos e preguntas formuladas polo grupo “Popular” e no que atinxe ó recurso interposto polos veciños de Mera contra o expediente de contribucións especiais está pendente de recurrir esa sentenza, é o que lle pode dicir nesta data; sobre as medidas a adoptar a respecto da vivenda nº 84 de Che Guevara, xa está requerido desde o primeiro día e o propietario cre que xa está a actuar, porque ten instalado un andamio; sobre o seguimento e control das licitacións e contratos, lévase día a día por cada unha das áreas; no que respecta á instalación da fibra óptica na Rúa Giner de los Ríos, pregúntenlle ós seus compañeiros de partido da Xunta de Galicia, que é a que ten un contrato coas grandes empresas deste sector, sexa Movistar, R, etc, que levan dous anos para instalar a fibra óptica en todo o concello e xa rematou o contrato hai dous anos e aínda non está instalada, insisten en que lle deben preguntar á Xunta de Galicia e na última sobre impedimentos ó acceso ós expedientes, protección de datos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Os rogos presentados tamén polo grupo “Popular” e sobre a Rúa Areosa, xa contestou algunha que outra vez e o dixo estes días de que neste intre quedan moitas rúas e estradas por arranxar e, de momento, os montes non os asfaltan, cando atendan ás máis de 1.300 rúas existentes no municipio, logo mirarán por esas; sobre a revisión das beirarrúas arboreadas da Urbanización Montrove, toman nota e a revisarán; no que atinxe ó control de pragas e sobre as que nomearon da propia Urbanización Montrove, existen ratas por todos os lados do Estado e que pode chegar a ser un problema grave para o país, no que interesa de Oleiros están a combatelas e actuando; do pavimento do Pavillón Arsenio Iglesias, o mirarán pero é que hai moito que facer en todo o concello e en canto á finca a préstamo que se está a usar para aparcas a carón da Piscina de Oleiros, están continuamente reparándoa, non asfaltándoa pero si facendo traballos de arranxo e no que respecta á balsa xerada no Río da Loba, a carón do campo de golf, cuestión que presentan tanto o PP coma o BNG, que saiban alí non existe ningún vertido de fecais.

En canto ós rogos e preguntas presentadas polo grupo “Socialista” e sobre o bordo do paseo de Sta. Cruz dicirlle que é competencia de Costas do Estado, polo que deben dirixirse ó goberno de Madrid porque depende Costas deles e aproveiten para reclamarlles que realicen os traballos da recuperación de area na praia de Sta. Cruz e que arranxen o Paseo da Ría e do Xunqueiro. Sobre accións a realizar o 25 de Novembro, o departamento de servizos sociais do concello sempre está traballando a prol da muller e xa está facendo actividades para conmemorar esa data do día internacional contra a violencia machista; tamén presentaron un rogo sobre desratización, xa está contestado. O rogado sobre o treito da Avda. das Mariñas, a carón da rotonda do Carballo, se houbo unha rotura da tubaxe e está arranxada, agora toca asfaltala e deixala para o transito regular e, no último rogo e sobre o pavimento do Pavillón de Mera para xogar a baloncesto, toman nota.

Das preguntas e sobre o dito do seu afán pleiteador contra os veciños, nega tal cuestión pero o que ten é que defender os intereses municipais e no que afecta ó recurso das contribucións especiais de Mera, como xa lles dixo ó grupo “Popular”, están a expensas de recurrilo; sobre o estado do arborado no concello, dicirlles que existen milleiros de árbores ó longo do municipio e algún pode estar enfermo, pero están no tema a diario. Sobre o uso de herbicidas, non usa sustancias prohibidas senón as que están autorizadas e, en todo caso, deberíalle preguntar á empresa concesionaria do servizo e sobre a súa valoración do servizo do SERGAS en Mera, o que ten claro é que non hai porque facer un edificio novo porque xa existe, hai que lograr que se mellore e se dote ben ó edificio da Casa do Mar para atención sanitaria da zona norte.

Para rematar sobre o interpelado polo BNG, dicirlle que xa contestou o da balsa do Río da Loba, insistindo en que non é de fecais, sobre as pingas na pista de meixonfrío, toman nota; sobre o rogado sinalando sobre o tema de rotura da beirarrúa na Praza das Garruchas, foron alí e non viron ningún deterioro é máis, foi persoalmente e non as viu; sobre o mosaico no paseo de Mera, dicirlle que é responsabilidade de Costas que no seu intre encargoullo a ese artista e é certo que o debe restaurar, están de acordo. A respecto do plantexado sobre o transporte público, dicirlle ó representante do BNG que espera contar coa súa organización e cos alcaldes da área, porque nuns días vaise falar e





CONCELLO DE
OLEIROS

moito disto para abandeirar a defensa do transporte público porque é moi grave que a veciñanza de Oleiros vaia como latas de sardiñas nos autobuses, todos os días e todas as horas, xa non só nas horas punta.

No que atinxe ás preguntas e a existencia de plumachos nunha finca na Rúa María Soliña, dicirlle que na praza non hai plumacho de ningún tipo, a fonte non está rota e o que existe é unha finca onde un promotor quería facer nunha edificación un piso de máis e se lle parou a obra, non se lle deu a licenza e están a reformar o proxecto para adaptalo. Sobre os puntos lilas e as actuacións levadas a cabo por mor da súa xestión, pode darlle calquera información a respecto desta cuestión a concelleira delegada de servizos sociais, Belén Taboada.

A respecto da promoción no Xardín de Vega, foi unha actuación que se intentou levar a cabo no seu día por mor dun acordo entre o concello e a Fundación Juana de Vega, na que tanto a metade da finca coma a do Pazo pasaban a ser de titularidade municipal e a outra metade para a propia Fundación Juana de Vega, que agora vendeu a súa parte na que se podía construír pero chegou a crise inmobiliaria do 2008 e se parou; agora unha promotora comprouna e van rematar os chalés e para aclarar, non existirán nunca en oleiros rúas privadas mentres gobernen e tampouco vaise poñer seguridade privada nas rúas, en todo caso nas vivendas particulares poden contratar o que lles veña en gaña, pero nas rúas non porque diso encárgase a Policía Local, que para iso está.

Para rematar, en canto ós residentes na Rúa Tras do Río que denunciaron molestas de ruídos polo camiión que ven descargar a un supermercado, antes o facía as seis e pico da mañán, se lles requeriu a agora ven arredor das dez da mañán e non se pode prohibir que a esa hora que realice o traballo e no último, que ó final non o presentou, sobre a construción ilegal na zona do Carballo, que saiu na prensa, existe unha sentenza xudicial de que debe retirar todo, por certo un pleito que gañaron, con moitos outros.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 00.00 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en oitenta e nove (89) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

